Sobre a convocatoria de axudas para o inicio de estudos universitarios no curso académico 2017-2018 nas universidades dos Sistema universitario de Galicia, os datos referidos ás denegadas nas anteriores convocatorias e a opinión do Goberno galego en relación coa suficiencia da dotación orzamentaria destinada para ese fin, así como o prazo de resolución establecido

- 19056 (10/PRE-005169)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co impacto da vaga de incendios forestais rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017 nos bens patrimoniais localizados nos montes, o desenvolvemento dun proceso de inventariado do patrimonio afectado polas lapas e/ou os traballos de extinción e as medidas previstas ao respecto, así como o destino dalgunha partida orzamentaria específica nos anos 2017 e 2018 para a súa recuperación

- 19071 (10/PRE-005170)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións específicas levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia, así como as xestións realizadas ante o Goberno central en relación co posible impacto no sector turístico galego da vaga de lumes rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017

- 19089 (10/PRE-005171)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as razóns da situación en que se atopa a reparación das deficiencias existentes en materia de atención sanitaria en Ribadavia e o seu contorno, así como as previsións do Goberno galego respecto da consignación e execución dunha partida orzamentaria suficiente para ese fin e o prazo estimado ao respecto

- 19117 (10/PRE-005172)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación das persoas afectadas pola doenza de Behçet en Galicia, a actuación que vai levar a cabo respecto da demandas formuladas por eses

doentes e a dispoñibilidade pola Consellería de Sanidade dalgún protocolo de actuación para a detección, diagnose e tratamento desa doenza

- 19152 (10/PRE-005173)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos danos causados aos animais salvaxes, de granxa e domésticos pola vaga de lumes rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017

- 19158 (10/PRE-005174)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre os datos referidos aos danos ambientais provocados polos incendios forestais rexistrados en Galicia a mediados de outubro de 2017, as previsións do Goberno galego respecto do deseño dun plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas e a dotación dunha memoria económica, así como a restauración das dotacións de servizos básicos afectadas polos lumes nesas zonas

- 19163 (10/PRE-005175)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co funcionamento do servizo de atención ás emerxencias 112 durante a situación de crise provocada pola vaga de lumes rexistrada a mediados de outubro de 2017, as razóns existentes para non adoptar as medidas necesarias co fin de evitar situacións de risco nas vías de comunicación e as súas previsións respecto da adopción dalgunha medida para mellorar a resposta a este tipo de situacións

- 19172 (10/PRE-005176)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre os datos referidos á publicación nos medios de comunicación da “Declaración institucional da Xunta de Galicia en relación coa vaga de incendios rexistrada a mediados do mes de outubro de 2017, así como os criterios seguidos ao respecto

- 19176 (10/PRE-005177)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre os datos referidos ás xuntanzas levadas a cabo e previstas pola Comisión de seguimento da praga da avespa velutina, as medidas de loita que vai poñer en marcha o Goberno galego para a campaña de 2017, así como o establecemento dalgún sistema de axudas para afrontar as perdas ocasionadas aos apicultores

- 19189 (10/PRE-005178)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a información do Goberno galego en relación coa negociación polo Goberno central coa patronal dunha modificación das condicións laborais que rexen a formación profesional dual e os contratos de formación e aprendizaxe, a súa opinión e posición ao respecto, así como as súas previsións referidas á defensa da súas competencias en materia de ensino para evitar o recorte dos dereitos laborais da cidadanía e, en especial, os da mocidade

- 19199 (10/PRE-005179)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para a fixación dos terreos afectados polos incendios forestais e evitar a súa chegada ás rías, as que vai levar a cabo no caso de arrastres de materias que poidan afectar as zonas de produción marisqueira e a relación de espazos de actuación prioritaria prevista para evitar esas afeccións

- 19203 (10/PRE-005180)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o coñecemento e a opinión do Goberno galego en relación coas intencións da conserveira Calvo de pechar as súas instalacións en Esteiro e de trasladar a Carballo a súa produción, así como as actuacións levadas a cabo ou previstas para evitalo

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2017
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 11:23
Nº Rexistro: 18710
Data envio: 13/10/2017 11:23:34.863

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a venda de 11 inmóbeis propiedade da Xunta de Galiza no barrio da Tinería (Lugo) e as medidas que prevé adoptar no marco do proxecto de rehabitación e rehabilitación deste espazo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza anunciou que venderá os inmóbeis que foron adquiridos polo Goberno galego no barrio da Tinería (Lugo) despois de ter desenvolvido un importante investimento público na súa compra e recuperación.

A decisión adoptouse despois de anos de paralización do proxecto de rehabilitación e rehabitación que se puxera en marcha desde a Consellaría de Vivenda durante o Goberno bipartito e que tiña entre os seus obxectivos orientar o uso e ocupación dos inmóbeis para pular por estabelecementos compatíbeis cun barrio situado no corazón da cidade de Lugo, no seo do seu casco histórico, vertebrado alén do máis por tres bens declarados Patrimonio da Humanidade: a Muralla, a Catedral e o Camiño Primitivo.

59685

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 11:23
Nº Rexistro: 18710
Data envio: 13/10/2017 11:23:34.863

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un proxecto de rehabilitación e rehabitación, cómpre lembrar, recoñecido internacionalmente en 2008 polas Nacións Unidas (UN-Habitat) no marco do Programa de Mellores Prácticas e Liderazgo Local conseguindo o primeiro premio no apartado de rehabilitación de cascos históricos.

Porén o Goberno galego pretende vender 11 dos locais que posúe en propiedade na Tinería, cun prezo de saída de 24 mil euros, e malia que valora a posibilidade de alugalos o delegado da Xunta en Lugo asegurou que priorizarán a compra. Cómpre sinalar que nalgúns dos inmóbeis atópanse restos arqueolóxicos como cloacas romanas.

O anuncio desta venda produciuse antes mesmo de ter lugar a primeira xuntanza da mesa de traballo constituída para abordar as distintas problemáticas que atinxen o barrio, na que están representadas a veciñanza, a corporación local (incluídas as forzas da oposición), a Xunta e a Subdelegación do Goberno español en Lugo.

Alén disto, a parálise na que se atopa o proxecto de rehabilitación e rehabitación do barrio da Tinería deixa moitas incógnitas sobre que acontecerá con outras importantes unidades de actuación como a U17 na que se atopan os fornos romanos que se prevían musealizar para poder visitalos; a U18 situada fronte ao Pazo de Dona Urraca e o propio Pazo, unha xoia arquitectónica medieval aínda sen rehabilitar.

59686

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 11:23
Nº Rexistro: 18710
Data envio: 13/10/2017 11:23:34.863

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a paralizar de maneira inmediata a venda dos inmóbeis do barrio da Tinería de Lugo e a reactivar o proxecto de rehabitación e rehabilitación en diálogo permanente coa mesa de traballo constituída arredor deste espazo."

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

59687

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 11:23
Nº Rexistro: 18710
Data envio: 13/10/2017 11:23:34.863

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 13/10/2017 11:19:11

María Montserrat Prado Cores na data 13/10/2017 11:19:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/10/2017 11:19:18

Noa Presas Bergantiños na data 13/10/2017 11:19:21

Xosé Luis Bará Torres na data 13/10/2017 11:19:22

Ana Pontón Mondelo na data 13/10/2017 11:19:30

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 12:10
Nº Rexistro: 18716
Data envio: 13/10/2017 12:10:16.891

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a investigación por parte da Garda Civil dun profesor do IES Pino Manso do Porriño que organizou un debate sobre o referendo catalán co estudantado de 4º da ESO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Garda Civil confirmou que iniciou unha investigación a un profesor de Historia do IES Pino Manso do Porriño despois de que este organizase un debate entre o alumnado de 4º da ESO arredor do referendo catalán.

Así o transmitiu o delegado do Goberno español na Galiza, o señor Villanueva, despois de ser requirido sobre a cuestión polo Observatorio para a defensa dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas, Esculca, e logo de ter sido denunciada publicamente a actuación da Garda Civil pola CIG-Ensino.

De feito, o sindicato amosou a súa preocupación, mesmo dirixíndose á Consellaría de Educación, polo acontecido ao considerar que supuña unha vulneración ao dereito de liberdade de cátedra.

59689

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 12:10
Nº Rexistro: 18716
Data envio: 13/10/2017 12:10:16.891

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Trasladar formalmente o seu rexeitamento á Garda Civil e a Delegación do Goberno español na Galiza por ter investigado un profesor de Historia despois de organizar un debate sobre o referendo catalán entre o alumnado de 4º da ESO do IES Pino Manso do Porriño.

2. Trasladar o seu apoio ao profesor e o seu firme compromiso co respecto ao dereito de liberdade de cátedra e cun ensino libre."

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

59690

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 12:10
Nº Rexistro: 18716
Data envio: 13/10/2017 12:10:16.891

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/10/2017 12:09:38

Noa Presas Bergantiños na data 13/10/2017 12:09:44

Xosé Luis Bará Torres na data 13/10/2017 12:09:48

María Montserrat Prado Cores na data 13/10/2017 12:09:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/10/2017 12:09:53

Ana Pontón Mondelo na data 13/10/2017 12:09:56

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 12:37
Nº Rexistro: 18721
Data envio: 13/10/2017 12:37:36.963

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ata hai pouco a época do ano en que os incendios forestais tiñan máis incidencia no territorio galego coincidía sempre co período estival, cando a vexetación chega á madurez e a seca convértea en combustible de alto valor incendiario.

Queremos crer que foi por iso polo que apareceu o chamado reforzo de tres meses que rematou sendo esa vergoña que chamamos persoal de incendios fixo-discontínuo, é dicir, man de obra temporal barata, a disposición, mercede ó paro e á necesidade que a xente ten de comer.

A climatoloxía iniciou hai uns poucos anos un ciclo (queremos crer que se trata dun período no tempo e non dun cambio climático definitivo) con ciclos dentro do ano cada vez máis frecuentes de altas temperaturas, seca persistente, humidade moi baixa e, debido ó abandono do rural, existencia de enormes masas de combustible a xeito de matogueira.

Isto que a Consellería sempre negou é un feito comprobado: **A desestacionalización dos incendios.**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 12:37
Nº Rexistro: 18721
Data envio: 13/10/2017 12:37:36.963

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É preciso incidir de novo en que o despoboamento do Rural trae consigo o aumento da masa de combustible e a ausencia de brazos e maquinaria que o procese para usos agrícolas, facendo necesario un labor de prevención durante case todo o ano.

Neste 2017 apareceron, neste mes, lumes que ben puideron ser provocados polos desbroces inadecuados motivados polo absurdo das convocatorias e resolucións das axudas fóra de tempo.

A 10 de outubro deste 2017 asistimos a unha chamada xeral ós cesados fixos-discontínuos para se incorporaren ó servizo ata fin de mes, e non só isto senón que tamén se cobren baixas, cousa que non acontecía desde hai tempo. A día da data unha seria vaga de lumes percorre o País, cando tradicionalmente sería un mes sen perigo polas condicións meteorolóxicas que **eran** habituais.

A Consellería terá que tomar en consideración a desestacionalización dos lumes e amplia-lo tempo de contratación ós traballadores de 3 meses implementando as brigadas terrestres e absorbendo tamén ós de 3 meses de Seaga, que todo ha facer falta.

E todo ha facer falta porque o servizo de extinción non pode estar a expensas do que manden as vagas de seca e lumes para contratar o persoal das brigadas terrestres. É cada vez máis necesario cubrir con **persoal profesionalizado e estable os labores de prevención e emerxencias** para controlar un territorio despoboado e onde a maleza campa ás súas anchas.

A nova tipoloxía de incendios con lumes de expansión máis rápida, con ameazas a vivendas, con maior carga de combustible en densidade e en extensión, con temperaturas máis altas e con períodos de secas máis acusados... **esixe** un sistema de prevención e extinción máis profesionalizado e cunha formación homologada e efectiva. Non se debería por tanto utilizar persoal eventual.

59693

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 12:37
Nº Rexistro: 18721
Data envio: 13/10/2017 12:37:36.963

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cremos que ..." *van polo bo camiño*"... aínda que lentos. Tamén pode ser que o camiño, as circunstancias, poidan máis cá inexplicable cerrazón a ve-la realidade e encarala coa firmeza e resolución necesarias diante deste complexo problema.

É por isto que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª:

"O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

-Integrar no SPDCIF ó persoal fixo discontínuo, incluído o de Seaga, un mínimo de 9 meses anuais, profesionalizándoo para labores de prevención, extinción e todo tipo de emerxencias especialmente rurais.

-Darlle estabilidade laboral, entrenamento e formación específica rematando así coa atomización e heteroxenización que hai actualmente nos diferentes medios humanos adicados ó servizo de extinción."

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

59694

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 12:37
Nº Rexistro: 18721
Data envio: 13/10/2017 12:37:36.963

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/10/2017 12:34:10

María Montserrat Prado Cores na data 13/10/2017 12:34:15

Olalla Rodil Fernández na data 13/10/2017 12:34:18

Noa Presas Bergantiños na data 13/10/2017 12:34:19

Xosé Luis Bará Torres na data 13/10/2017 12:34:21

Ana Pontón Mondelo na data 13/10/2017 12:34:28

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2017 09:30
Nº Rexistro: 18829
Data envio: 16/10/2017 19:05:07.047

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través da súa deputada e deputado **Paula Vázquez Verao** e **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª,** relativa á necesidade de aumento do número de prazas públicas de escolas infantís en Monforte de Lemos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cando se abriu o prazo de reserva de praza en escolas infantís para o curso 2017/2018, a escola infantil municipal do Concello de Monforte tiña 40 familias en lista de agarda. Monforte de Lemos non conta cunha escola pública de ensino infantil da rede autonómica.

A Xunta dispón da axuda "Bono Concilia" destinada a sufragar os gastos dunha praza nunha escola infantil privada para aquelas familias que non conten con praza en centros sostidos con fondos públicos.

Este tipo de axuda, ademais de non cubrir os gastos da praza en todos os casos, non funciona se non existe unha oferta privada adecuada ás necesidades das familias, como sucede en Monforte de Lemos. Deste xeito, se non se aumenta o número de prazas públicas en escolas infantís de 0 a 3 anos en Monforte, fomentarase un nicho de negocio privado e familias quedarán sen acceso a un servizo fundamental para a conciliación da vida familiar e laboral e un recurso educativo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2017 09:30
Nº Rexistro: 18829
Data envio: 16/10/2017 19:05:07.047

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

A Xunta afirma, nunha resposta ao Grupo Parlamentar de En Marea, que no curso pasado 2016/2017 se concederon 24 bonos Concilia a familias de Monforte de Lemos. A inicio do curso 2017/2018 mantense a lista de agarda na gardería municipal (40 nenos e nenas). No caso das garderías privadas da cidade do Cabe, carecen de prazas nos horarios máis demandados polas familias ou en determinados tramos de idade. Aínda que si houbese horarios que satisfacesen as necesidades das familias, o número de vacantes nas garderías privadas non chegaría para cubrir a lista de agarda da municipal. Ademais, a Xunta comprométese nesta mesma pregunta a que "todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas de entre cero e tres anos a obteñan".

O Concello de Monforte tenlle sinalado ao Conselleiro de Política Social, en xuntanzas oficiais, as necesidades de prazas públicas de escolas infantís neste municipio e a posibilidade de ceder terreos para a construción de dita infraestrutura.

En sede parlamentaria, o Conselleiro de Política Social afirmou que dotará de escolas infantís a aqueles concellos que o soliciten (comparecencia do 6 de xuño de 2017).

A provincia de Lugo ten a rateo máis baixa de Galiza en número de prazas de escolas infantís.

Para En Marea, contar con recursos públicos de conciliación en todo o territorio galego debe ser unha prioridade do Goberno dun País socialmente avanzado, máis no caso dunha nación en recesión demográfica, especialmente nas zonas máis avellentadas, como a comarca de Lemos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2017 09:30
Nº Rexistro: 18829
Data envio: 16/10/2017 19:05:07.047

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a dotar ao Concello de Monforte de Lemos cunha escola infantil da rede da Galiña Azul, con prazas suficientes para cubrir a demanda existente e futura.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 16/10/2017 18:57:12

Luis Villares Naveira na data 16/10/2017 18:57:26

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2017 13:01
Nº Rexistro: 18850
Data envio: 17/10/2017 13:01:10.156

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.ª**, sobre a retirada de medios de incendios forestais en época de máximo risco.

Exposición de Motivos.

Co mes de setembro e outubro, con escasas chuvias e a reserva dos pantanos en mínimos históricos, sumado ás altas temperaturas que está a sufrir o noso país, fai que aumente a preocupación polos incendios que se podan producir.

O dispositivo contra incendios e a alerta contra os mesmos finalizan habitualmente o 30 de setembro por rematar o verán e por comezar o inicio da baixada das temperaturas co inicio das choivas de outono.

Os dispositivos e reténs contra incendios deberían prolongarse todo o mes de outubro e cando menos, manterse o operativo e as brigadas dedicadas ás labores de prevención ca realización de cortas, desbroces e o mantemento das brigadas contratadas para estas labores nos meses de verán. Deberíanse estender as súas labores durante todo o inverno e primavera, garantindo unha labor de prevención durante todo o ano e, sobre todo, segundo as altas temperaturas se manteñan no tempo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2017 13:01
Nº Rexistro: 18850
Data envio: 17/10/2017 13:01:10.156

A todo isto hai que sumarlle que tres bases de helicópteros do SPDCIF actualmente xa están pechadas e que 436 traballadoras e traballadores de tres meses xa foron tamén despedidos.

A día de hoxe segue a arder nos nosos montes, levamos máis de 800 hectáreas na última semana, algo que debería preocuparlle e moito a Consellería de Medio Rural.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1- Manter o operativo contra incendios todos os meses de inverno, realizando outro tipo de labores no monte, de tipo preventivo.

2- Manter o nivel de alerta contra incendios, mentres se manteñan as altas temperaturas e mentres non se produzan choivas que garantan un nivel axeitado de humidade que impida a produción de lumes.

3- Tomar medidas de achega de augas para os pozos, en caso de extrema seca, naqueles puntos onde fose necesario.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo

Deputado e deputado do G.P. de En Marea

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2017 13:01
Nº Rexistro: 18850
Data envio: 17/10/2017 13:01:10.156

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 17/10/2017 12:58:42

Paula Quinteiro Araújo na data 17/10/2017 12:58:51

Luis Villares Naveira na data 17/10/2017 12:58:58

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 09:30
Nº Rexistro: 18922
Data envio: 17/10/2017 19:10:45.818

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de motivos

A recente aprobación da nova Lei de benestar e protección dos animais de compañía en Galicia (só cos votos do PP) pon en evidencia a necesidade de que o articulado, que presenta prometedoras melloras para garantir os obxectivos da lei, teña unha aplicabilidade real, lonxe de medidas meramente estéticas ou mediáticas.

As asociacións protectoras e os refuxios de animais, os colectivos animalistas, concellos e deputacións reclaman unha verdadeira Estratexia galega contra o abandono, que inclúa accións tendentes á sensibilización e concienciación da cidadanía sobre diferentes aspectos, dende a tenza responsable ata as obrigas sobre convivencia e civismo, sen esquecer a promoción de fórmulas solidarias como a adopción, o apadriñamento ou o asociamento a entidades sen ánimo de lucro que loitan polo benestar de todos os seres vivos non humanos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver un plan de acción para unha estratexia de sensibilización contra prácticas nocivas cos animais para o período 2018-2020.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 09:30
Nº Rexistro: 18922
Data envio: 17/10/2017 19:10:45.818

2. Establecer as medidas técnicas e regulamentarias necesarias para reforzar a denuncia da compravenda ilegal, con especial incidencia no peso das TIC.
3. Convocar novas liñas de axudas para as administracións locais e provinciais, co obxectivo de desenvolver campañas de prevención do abandono e de impulso da adopción.

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/10/2017 19:04:48

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/10/2017 19:04:54

Raúl Fernández Fernández na data 17/10/2017 19:04:56

María Luisa Pierres López na data 17/10/2017 19:05:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/10/2017 19:05:03

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 10:14
Nº Rexistro: 18940
Data envio: 18/10/2017 10:14:26.770

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4.ª,** relativa á liberdade de cátedra

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai apenas uns días que a prensa recollía información sobre unha polémica que acontecera no IES Pino Manso do Porriño a conta dos comentarios dun docente nun debate. Dita información facíase eco de supostas investigacións que estaría a desenvolver a Garda Civil para saber se ditos comentarios puideron "incitar ao odio". Comentarios que se produciron nunha actividade de aula na que se produciu un debate entre o alumando de cuarto da ESO sobre a situación de Cataluña.

Ao noso entender estes feitos inciden nun ataque directo á liberdade de cátedra do persoal docente, un dereito fundamental nun Estado de Dereito, recoñecido e avalado tanto na propia Constitución coma na Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea. Alén de tratarse dunha actuación que contraviría a propia normativa educativa que establece que no caso de que algún docente puidera ter cometido algunha irregularidade quen debe intervir é a Inspección Educativa, e non as forzas de seguridade do Estado.

Dende En Marea entendemos que non se pode consentir que se pretenda fiscalizar deste xeito o traballo dun docente respecto ao seu cometido formando alumnado como cidadanía crítica en actividades como a comentada.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 10:14
Nº Rexistro: 18940
Data envio: 18/10/2017 10:14:26.770

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Ante esta situación, o grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a defender e velar pola liberdade de cátedra de todo o persoal docente.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Ánxeles Cuña Bóveda
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 18/10/2017 09:56:34

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/10/2017 09:57:00

Luis Villares Naveira na data 18/10/2017 09:57:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 12:37
Nº Rexistro: 18956
Data envio: 18/10/2017 12:37:48.032

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

Despois do éxito da primeira cita da *Fairway*, celebrada en 2015, os seus organizadores aspiran a referendar o seu papel como punto de encontro dos profesionais que traballan ao redor das rutas dos distintos Camiños de Santiago.

No próximo mes de novembro, do 10 ao 12, de 2017 celebrarase a segunda edición da *Fairway* no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia.

Este evento, quere ser un punto de referencia para todo o sector profesional ao redor do Camiño ou dos camiños, contará cunha importante presenza internacional. Así, e ata o momento, xa confirmaron a súa presenza máis de 30 tour-operadores de 14 países distintos: Colombia, Noruega, Irlanda, Brasil, Uruguai, Portugal, Nova Zelandia, Estados Unidos, Canadá, Arxentina, Reino Unido, Italia, Alemaña e España.

Tamén contará este evento coa representación de sete comunidades autónomas: Asturias, Aragón, Cantabria, Castela-León, Navarra, País Vasco e A Rioxa, onde tamén estarán representados os concellos polos que discorren os distintos camiños.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que nas vindeiras edicións participe no *Fairway* (Forum do Camiño de Santiago).

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2017

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 12:37
Nº Rexistro: 18956
Data envio: 18/10/2017 12:37:48.032

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/10/2017 18:31:18

Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/10/2017 18:31:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/10/2017 18:31:47

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 13:37
Nº Rexistro: 18964
Data envio: 18/10/2017 13:37:17.102

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis próxima.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que vén menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servicios sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao Goberno de Núñez Feijoo en 2009 o sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a 165

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

facultativos de Atención Primaria, segundo os datos do propio Goberno. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servizos, afastando a atención dos e das cidadáns.

A construción de novos centros de saúde, ou a reforma dalgúns xa existentes, supón outro dos grandes déficits da atención primaria na sanidade pública galega. Os orzamentos de 2016 e 2017, por coller os exemplos máis recentes, coinciden nos compromisos de varios centros de saúde apuntados nun e outro, os mesmos sucesivamente, ignorando ningunha responsabilidade polo anuncio e compromiso de infraestruturas que logo nunca se inician. O Plan de mellora da Atención Primaria, iniciado na lexislatura 2005-2009, supuxo unha base estratéxica que non foi continuada polos gobernos de Núñez Feijóo, que non amosaron un proxecto real para o fortalecemento da atención primaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un plan de contratación de profesionais de atención primaria que permita ampliar o volume de persoal e así evitar o peche de centros e a concentración de servizos, así como cubrir con garantías as baixas e vacacións sen que iso supoña unha saturación do sistema e unha perda de calidade asistencial.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 13:37
Nº Rexistro: 18964
Data envio: 18/10/2017 13:37:17.102

2. Establecer un programa de reforma de centros de saúde e construción de novos, que permita ampliar e mellorar a rede de centros, en base a un informe de necesidades tendo en conta tanto o tamaño e tipo da poboación a atender como criterios estratéxicos de afixación demográfica.

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2017 13:30:07

Noela Blanco Rodríguez na data 18/10/2017 13:30:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2017 13:30:18

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 13:38
Nº Rexistro: 18970
Data envio: 18/10/2017 13:38:47.650

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

O pasado mércores día 2 de agosto, o Goberno galego publicou, sen previo coñecemento por parte do eido sanitario, o Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde de Galicia. Esta reforma non foi incluída no programa electoral co que o PP se presentou ás eleccións, nin sequera anunciada por Núñez Feijóo no seu discurso de investidura, nin polo conselleiro de Sanidade en ningunha comparecencia; non foi debatida con ningún grupo político, sindicato, asociacións de pacientes, colectivos profesionais...non existía ningunha información sobre a intención de reforma a lei máis importante do sistema sanitario de Galicia. Non entanto, a reforma inclúe unha serie de modificacións sobre a citada lei de moito calado, e con moita relevancia para o sistema sanitario galego, en termos de participación, de organización do mapa sanitario e os seus recursos, de formación, investigación e outras áreas.

A intención por parte do Goberno de Galicia de iniciar este proceso de reforma da Lei de saúde de Galicia de forma escurantista en pleno mes de agosto, supón de por si un problema grave en canto ás formas. Os 15 días de achegas e participación a través do portal de transparencia quedaron reducidos ás dúas semanas de menor actividade social, profesional e cidadá de todo o ano (a primeira quincena de agosto). O nulo coñecemento previo por parte de asociacións de pacientes, sindicatos, partidos políticos e cidadanía en xeral das intencións de levar adiante este procedemento neste momento evidencian a intención de esconder as propostas coa vontade de ser ocultadas e non debatidas. Debido ás presións e á forte presencia de alegacións, ampliouse o prazo pero apenas ata final do mes estival de agosto. A pesares disto, foron

achegadas máis de 1500 alegacións, o que supón un volume extraordinario, comparativamente con outros textos lexislativos sometidos ao mesmo proceso.

No referido ao fondo da proposta de reforma, resulta sorpresiva a atribucións de funcións á acción directa do Consello da Xunta de Galicia vía decreto. De entrada así se inclúe no caso da participación cidadá, anteriormente canalizada a través dos Consellos de Saúde de Galicia e de Área, cuxa conformación quedaba perfilada na Lei de 2008 e incluía a representantes das administracións locais correspondentes, representantes de traballadores/as, rede social e económica das áreas sanitarias correspondentes, etc. As modificacións propostas no anteproxecto, entre outras cousas, retíranse da lei os conceptos da función de "avaliación" e do "dereito á información" dos Consellos de Saúde, ademais da súa composición por decreto, sendo isto unha obvia determinación de intencións.

A reorganización do mapa sanitario de Galicia é outra das cuestións fundamentais que inclúe o anteproxecto de lei, pois reformula a ordenación actual cara un modelo máis concentrado e que perde atención ás comarcas e áreas sanitarias rurais e semiurbanas. A proposta pretende retirar da lei as delimitacións sobre áreas sanitarias, e as especificacións sobre funcións, características e fundamentos da súa relevancia, creando unha nova división entre áreas, distritos e zonas que, como se apunta na propia proposta de modificación, quedarán a expensas de ser determinadas "por decreto do Consello da Xunta" (modificación dos artigos 67 e 70). Ao fío desta nova delimitación do mapa sanitario, perden a condición de área sanitaria as de O Salnés, Mariña Lucense, Terra de Lemos e Valdeorras. A perda da condición de área sanitaria nas zonas referidas anteriormente afondaría na rebaixa de servizos, na dependencia do persoal dos grandes hospitais, e na constatación dura e imposta dun modelo de hospitais de segunda que se converterían en grandes ambulatorios, mais que non terían a capacidade sanitaria que precisan.

A gravidade das propostas de modificación en participación e definición do mapa sanitario, así como noutras áreas como inspección ou investigación, fai necesario abrir un debate profundo na busca do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 13:38
Nº Rexistro: 18970
Data envio: 18/10/2017 13:38:47.650

acordo sobre as modificacións deste nivel sobre unha lei de tal relevancia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Retirar o Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008 do 10 de xullo de saúde de Galicia.

2. Conformación dun grupo de traballo con representación de todos os colectivos implicados na xestión e atención sanitaria, que avalíe a prestación de servizos nos hospitais comarcais, estableza as prioridades con atención ás necesidades sanitarias da poboación e elabore un informe público que permita encarar as posibilidades futuras de reforma do mapa sanitario.

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2017 13:33:26

Noela Blanco Rodríguez na data 18/10/2017 13:33:35

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 13:38
Nº Rexistro: 18970
Data envio: 18/10/2017 13:38:47.650

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2017 13:33:39

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 13:58
Nº Rexistro: 18978
Data envio: 18/10/2017 13:58:05.048

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

A sanidade galega ten un problema de persoal. A calidade dos e das profesionais está altamente contrastada, tanto polo bo exercicio das súas funcións como polo alto nivel formativo nas titulacións destinadas a elo. Non entanto, a xestión da política de recursos humanos tanto respecto dos/as profesionais xa inseridos no sistema, como da captación dos que están fóra, é manifestamente mellorable.

A sanidade galega é a terceira peor valorada pola cidadanía de entre todos os sistemas autonómicos de España. Un dos problemas máis sinalados son as esperas, que no caso dos datos oficiais xa amosa retrasos inaceptables. Isto provoca un problema de xestión eficiente no eido da atención hospitalaria, por dúas cuestións fundamentais. En primeiro lugar pola espera en si á que é sometido o doente, que supón a demora na atención de problemas de saúde que acompañan ás persoas demasiado tempo cando poderían ser solucionados con anterioridade de haber recursos para elo. Isto é unha mostra de perda de calidade asistencial. En segundo lugar, porque a acumulación de retrasos resulta, sistematicamente, nunha derivación de doentes cara a sanidade privada, en cumprimento dunha lei de dereitos e garantías sanitarias que naceu non para resolver este problema, senón para xustificar esta solución. Estas derivacións son cartos destinados, de maneira directa, da sanidade pública cara a privada para solucionar problemas que poderían ser solucionados no eido público. No ano 2015 a contía pagada por este servizo á sanidade privada se elevada ata os 208 millóns de euros, segundo informes do Consello de Contas.

No terreo da atención primaria, a calidade asistencial é sempre mellor recoñecida pola cidadanía. A pesares disto, recentemente comeza a percibirse a acumulación de esperas, en ocasións de varios días, para a atención polo facultativo de referencia no centro de saúde.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Os problemas de saturación durante os picos asistenciais previsibles, como a chegada da gripe no inverno, ou por déficit recoñecido de persoal debido ás vacacións do persoal estatutario en verán, agranda o problema das demoras e acumulación de traballo e, por tanto, retrasos no sistema público.

A continuidade nas taxas de reposición limitadas ou nulas para a contratación no sistema público, adelgazou o volume de persoal no sistema sanitario. As cifras aportadas polos sindicatos falan de ata 7000 prazas de persoa presupostadas que non están cubertas. A solución actual do Goberno da Xunta de Galicia pasa pola contratación en condicións de temporalidade, eventualidade e máxima inestabilidade a persoal que cubra puntualmente as necesidades extremas. Esta solución non pode nin debe ser estrutural. Non entanto, o Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea emitiu unha sentencia pola que considera que a concatenación sistemática de contratos temporais no sistema sanitario público en España é contraria ao dereito comunitario. Existe xurisprudencia en Galicia xa que recoñece que se cobren de maneira eventual postos de traballo que son estruturais.

No que toca ao persoal xa inserido no sistema de saúde, cabe lembrar que os representantes dos/das traballadoras veñen demandando do Goberno da Xunta de Galicia a apertura de mesas de diálogo para retomar as conversas destinadas a incorporar ao sistema de recursos humanos a carreira profesional e os acordos retributivos, paralizados dende o ano 2010 coa chegada de Núñez Feijóo á Presidencia da Xunta de Galicia. Estes acordos, asinados en 2008, pretendían igualar aos/ás profesionais galegas á media salarial e de dereitos do conxunto de España. Paralizados dende 2010, a súa situación é de infravaloración e de moi baixo recoñecemento de dereitos e capacidades profesionais, especialmente na comparación co resto do Estado.

Ante unha situación desta excepcionalidade, tanto na eficiencia do gasto como na calidade da atención sanitaria, existen alternativas que pasan fundamentalmente pola incorporación de máis persoal ao sistema e a recuperación do diálogo para a mellora das condicións dos e das profesionais existentes. O Grupo Parlamentario Socialista presentou ao Parlamento de Galicia unha proposición non de lei, no Pleno do 21 e 22 de marzo de 2017, que obtivo a aprobación por unanimidade da Cámara dalgúns dos puntos que, especificamente, instaban á Xunta de Galicia a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 13:58
Nº Rexistro: 18978
Data envio: 18/10/2017 13:58:05.048

solicitar a eliminación das taxas de reposición para os sistemas autonómicos de saúde, e a convocar unha Oferta Pública de Emprego de 1600 prazas no ano 2017. Non houbo maior actividade ao respecto por parte do Goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver un conxunto de medidas que melloren a política de recursos humanos da Consellería de Sanidade, co obxectivo de mellorar a calidade asistencial, reducir as listas de espera e mellorar as condicións laborais dos e das profesionais do sistema público de saúde. A tal efecto, se desenvolverán de maneira específica estas medidas:

1. Cumprimento do acordo parlamentario do Pleno do 21 e 22 de marzo de 2017, convocando á maior brevidade unha Oferta Pública de Emprego que chegue, como mínimo, ás 1600 prazas para o sistema sanitario.

2. Desenvolver un plan plurianual de estabilización e contratación de persoal para terminar a lexislatura ao mesmo nivel que existía en 2009.

3. Apertura de mesas de diálogo cos sindicatos para a recuperación dos acordos retributivos para o Sergas paralizados en 2010.

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 13:58
Nº Rexistro: 18978
Data envio: 18/10/2017 13:58:05.048

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2017 13:55:44

Noela Blanco Rodríguez na data 18/10/2017 13:55:49

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2017 13:55:54

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 16:54
Nº Rexistro: 18992
Data envio: 18/10/2017 16:54:56.906

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Gas Natural pretende desmantelar a instalación de almacenamento de GLP que da servizo á urbanización A Barcala, no concello de Cambre, para substituíla por gas cidade. Unha pretensión que se realiza sen informar aos veciños e veciñas afectados/as. Por outra banda, esta empresa desenvolveu unha campaña moi agresiva entre os veciños e veciñas para "obrigalos" a cambiar o propano polo gas cidade, ofrecendo o cambio de caldeiras de forma gratuíta e incluso chegando a ameazalas/os con deixar sen servizo se non cambiaban para gas cidade.

Diante disto, constituíuse unha plataforma de afectados/as que levaron adiante unha campaña de recollida de sinaturas para opoñerse á pretensión de Gas Natural, e organizou unha manifestación neste sentido o pasado 19 de setembro.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que escoite aos veciños e veciñas de A Barcala e paralice o expediente de Gas Natural que autoriza o

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 16:54
Nº Rexistro: 18992
Data envio: 18/10/2017 16:54:56.906

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desmantelamento da instalación de almacenamento de GLP na urbanización A Barcala, no concello de Cambre."

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/10/2017 16:52:38

Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2017 16:52:47

María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2017 16:52:52

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2017 16:52:53

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 16:54
Nº Rexistro: 18992
Data envio: 18/10/2017 16:54:56.906

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2017 16:52:56

Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2017 16:53:00

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 17:27
Nº Rexistro: 19008
Data envio: 18/10/2017 17:27:04.919

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal e Marcos Cal Ogando** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate na Comisión 6.ª**, relativa as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia para paliar o sufrimento dos animais afectados polos incendios.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vaga de lumes dos pasados días supuxeron unha verdadeira traxedia nos montes de Galicia. Miles de animais salvaxes e domésticos morreron, sufriron graves afeccións e queimaduras ou quedaron perdidos ou afastados das súas zonas habituais. Os seus hábitats quedaron destruídos e as súas fontes de alimentación xa non existen.

Apagados os incendios, agora queda o traballo máis importante para a recuperación de todos os hábitats arrasados e a atención dos animais afectados. E este traballo ten que ser ordenado e planificado por expertos no tema, non podemos deixalo ao voluntarismo de persoas, ben intencionadas pero que poderían xerar máis problemas colaborando dos que queren paliar.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir de maneira moi urxente e por iso En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 17:27
Nº Rexistro: 19008
Data envio: 18/10/2017 17:27:04.919

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Declarar Galicia como zona de catástrofe natural e así poñer en marcha todos os protocolos que implica. Instar, a si mesmo, a que o Goberno do Estado decrete tamén a situación de Catástrofe Natural e poña en marcha todos os procedementos e axudas previstas para estas situacións.

2.- Prohibir a caza de forma total e inmediata nas zonas afectadas. Xa se perderon demasiadas vidas animais por causa non só dos lumes, e o chan necesita rexenerarse.

3.- Activar inmediatamente os protocolos de recuperación de especies silvestres tanto de flora como de fauna.

4.- Crear un grupo multidisciplinar de profesionais, nos diferentes ámbitos da protección e defensa dos animais, que exerza a coordinación dos grupos de persoas voluntarias e das actuacións a levar a cabo para o rescate de animais (fauna salvaxe e doméstica, animais de granxa e de compañía) vítimas dos lumes.

5.- Proporcionar alimento, auga e acubillo no medio natural para os animais superviventes. Cubrir todas as súas necesidades naturais.

6.- Habilitar áreas específicas de coidado e atención de animais salvaxes ou de granxa que estean feridos, desorientados ou perdidos, onde poidan ser atendidos por profesionais e, en caso de proceder, poidan ser devoltos ao seu hábitat natural de novo.

7.- Non autorizar o recurso de trasladar os animais feridos ao matadoiro, primando a súa recuperación cas actuacións e axudas que sexan necesarias.

8.- No que respecta a animais domésticos afectados, facilitar alimento e asistencia veterinaria gratuíta para as súas e os seus donos.

9.- Instar aos Concellos para que cedan espazos para albergar e curar aos animais feridos ou queimados.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 17:27
Nº Rexistro: 19008
Data envio: 18/10/2017 17:27:04.919

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

10.- Asistir aos Concellos que teñan animais afectados e por ao seu dispor axudas e grupos de traballo.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal, Asdo.: Luís Villares Naveira

Marcos Cal Ogando Voceiro do G.P. de En Marea

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 18/10/2017 17:22:38

Marcos Cal Ogando na data 18/10/2017 17:22:54

Luis Villares Naveira na data 18/10/2017 17:23:07

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 17:32
Nº Rexistro: 19011
Data envio: 18/10/2017 17:32:37.249

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo** e **María Dolores Toja Suárez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos

As rías galegas supón un dos bens naturais máis relevantes que ten a nosa Comunidade Autónoma e supón, ademais, unha fonte de riqueza non so de carácter medioambiental senón tamén económica por ser un recurso dada a súa produtividade en termos marisqueiros. Froito disto, existe unha gran preocupación sobre o estado do saneamento das rías galegas, pois os problemas asociados á contaminación e o mal estado das augas e os fondos das rías deriva en perdas económicas relevantes por problemas de extracción e redución tanto de tamaño dos produtos como da súa cantidade.

A Unión Europea advertiu en diversas ocasións dos problemas de saneamento das rías galegas e a súa repercusión sobre a actividade extractiva. Froito destas advertencias, e das visitas de delegados/as do organismo europeo, xa en 2013 produciuse un informe de amoestación, con avisos de sancións sobre os futuribles Fondos Feder, entre outras cuestións, e España foi sancionada polo estado das rías galegas.

O sector marisqueiro vén manifestando continuamente o seu rexeitamento ao desleixo da Xunta de Galicia na acción de atención ás rías, en liña co sinalado pola UE, así como a aposta pola especial protección das zonas en que se cultivan bivalvos, instando á Xunta de Galicia a negociar a implantación destas medidas en cooperación coas institucións europeas.

En contra disto, o sector comproba con tristeza como existen promesas continuamente incumpridas sobre medidas de saneamento. O sector marisqueiro segue véndose obrigado a parar a súa actividade en

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

numerosas ocasións durante o ano, froito dos problemas xerados por esta contaminación, ou a reducir substancialmente os períodos de libre marisqueo. Como se pode comprobar en datos ofrecidos polo propio sector, existe un descenso de produtividade na recollida por especies, dende 2010 a 2016, época na que se perdeu máis da metade da produción en produtos como a vieira ou a volandeira ou o berberecho, e tamén de relevancia na ameixa. Como consecuencia os permisos marisqueiros se reducen notoriamente (en torno ao 40 % deles se perderon dende a chegada ao Goberno de Núñez Feijóo) Existen numerosas queixas e reivindicacións colectivas sobre a necesidade de rexenerar zonas destinadas a marisqueo, que outrora foron localizacións tremendamente produtivas e agora amosan rendementos moi baixos comparativamente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un amplo e rigoroso estudo sobre as causas da perda de produtividade marisqueira das rías galegas nos últimos anos.

2. Realizar as actuacións pertinentes para conseguir un saneamento e depuración integrais das rías galegas e cumprir a normativa vixente e o bo estado da calidade das augas antes de que remate a actual lexislatura.

3. Implantar un plan de rexeneración das rías galegas para esta lexislatura 2016-2020, que reduza con efectividade os niveis de contaminación existente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 17:32
Nº Rexistro: 19011
Data envio: 18/10/2017 17:32:37.249

4. Iniciar os procesos de negociación necesarios coa UE para destacar de maneira especial as zonas de cultivo e extracción de bivalvos, conseguindo para elas un tratamento distinguido que redunde en mellora das condicións e da protección do sector en caso de dificultades para o traballo.

5. Realizar un informe anual específico, que se difunda entre o sector implicado, sobre os niveis de contaminación das rías galegas.

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Dolores Toja Suárez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2017 17:29:07

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/10/2017 17:29:12

María Dolores Toja Suárez na data 18/10/2017 17:29:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2017 17:29:21

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 17:56
Nº Rexistro: 19026
Data envio: 18/10/2017 17:56:55.852

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Trala vaga de lumes, como a vivida o 15 de outubro na Comunidade galega, a parte do efecto inmediato na vida vexetal, existen outras consecuencias directas que afecta ao mar. A choiva arrastra gran cantidade de cinzas e outros residuos, ladeira abaixo ata chegar a un río e ao mar. A partir de aí, os materiais contaminados con substancias potencialmente perigosas chegan a ecosistemas produtivos. como o marisco e, especialmente, os moluscos (mexillóns, berberechos, recoiro, entre outros), peixes e outros. No caso do marisco e en concreto dos moluscos, de grande importancia para a economía galega, a contaminación prodúcese por filtración, xa que reteñen gran cantidade de materia orgánica.

A pesar dos riscos potenciais, e para evitar que as substancias tóxicas cheguen ao mar e teñan efectos negativos no ecosistema mariño, é necesario establecer medias preventivas á máxima urxencia.

No Decreto 438/2003, do 13 de novembro, polo que se aprobaba o Plan básico de continxencias por contaminación mariña para a defensa dos recursos pesqueiros, marisqueiros, paisaxísticos, acuícolas e ambientais de Galicia, establécese o seguinte:

No Artigo 21º.- Resposta operativa á vertidos terra-mar, establécese que ante unha vertedura ou incidente que teña a súa orixe en terra e sexa susceptible de producir contaminación mariña no mar, poñerase en marcha unha serie de protocolos de actuación que dean resposta operativa á activación dos medios humanos e técnicos de loita contra a contaminación.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 17:56
Nº Rexistro: 19026
Data envio: 18/10/2017 17:56:55.852

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

No artigo 22º recóllese a resposta operativa aos vertidos mar-terra.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que se debe activar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia (Plan Camgal) que establece as normas e procedementos básicos de actuación, a estrutura de organización e ou sistema de resposta fronte a un episodio de contaminación mariña accidental que se produza ou afecte ao litoral galego.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a tomar as medidas axeitadas para activar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia, nos litorais afectados, para evitar os riscos potenciais, derivados dos graves incendios ocorridos o pasado 15 de outubro.

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 18/10/2017 17:11:03

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2017 17:11:15

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2017 17:11:22

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 12:06
Nº Rexistro: 19048
Data envio: 19/10/2017 12:06:23.539

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa das súas deputadas Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.ª,** relativa ás axudas para o inicio de estudos universitarios no curso académico 2017/18 nas universidades do sistema universitario de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As becas e axudas ao estudo supoñen un mecanismo fundamental para favorecer a igualdade de oportunidades ao alumnado con meirandes dificultades socioeconómicas, sendo un dos instrumentos polo que os fillos e fillas das clases máis desfavorecidas puideron acceder aos estudos, tanto en niveis medios como superiores. Deste xeito, o investimento en bolsas educativas foi unha ferramenta fundamental para reducir a fenda socioeducativa que padecía este país.

A escusa da crise económica, sen embargo, serviu de discurso para xustificar o xiro neoliberal das políticas educativas transformando esta ferramenta contra a inxustiza social nunha especie de premio de excelencia. Nese contexto cabe entender a mudanza dos criterios para acceder ás bolsas universitarias do Ministerio de Educación que reduciron o peso dos criterios socioeconómicos aumentando, á vez, as esixencias académicas, esquecendo que ambas están intimamente relacionadas.

Nese marco a Xunta de Galicia sacou adiante unha convocatoria de bolsas universitarias para o alumnado que accedera por vez primeira aos estudos universitarios e non acadara os requisitos académicos. Trátase dunha

convocatoria destinada, segundo o propio texto, a tratar de "cubrir, na medida do posible, as necesidades do alumnado universitario, liñas que, en prol da súa eficacia e eficiencia, deben adaptarse ás cambiantes circunstancias do contorno socioeconómico actual e ás variacións normativas producidas no ámbito estatal". Unha referencia clara á modificación do sistema de becas producido no marco do Ministerio de Educación que implicou o cambio de concepción das becas como un mecanismo para combater a desigualdade para pasar a ser un premio polo que competir. O trunfo do xiro neoliberal nas políticas educativas.

Neste contexto, na convocatoria vixente, a Xunta de Galicia establece unha partida de 200.000€ para cubrir as matrículas do alumnado que non sexa quen de acadar os requisitos académicos de acceso establecidos na convocatoria do Estado.

Axudas que entendemos insuficientes toda vez que só se ocupan de cubrir o prezo de matrícula pero deixa á súa sorte todos os custos da vida universitaria do estudantado.

Por outra banda, a convocatoria establece un prazo para resolver as solicitudes de cinco meses que comezarán a contar desde o día seguinte ao da data de remate do prazo de presentación de solicitude. É dicir, que as axudas para a matrícula universitaria poden resolverse ata Abril, apenas un mes antes do remate do curso.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 12:06
Nº Rexistro: 19048
Data envio: 19/10/2017 12:06:23.539

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

1. Articular unha política en materia de axudas e bolsas ao estudo e á investigación, mediante convocatorias anuais, para garantir que todo o estudantado que cumpra as condicións para cursar estudos universitarios con aproveitamento poida acceder, en condicións de igualdade, aos estudos universitarios e poida desenvolvelos sen ser excluído por razóns económicas, tal e como establece a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

2. Aumentar as partidas orzamentarias destinadas a bolsas universitarias para garantir o acceso de todo o alumnado ata acadar, como mínimo 1.000.000€

3. Desenvolver unha convocatoria máis ambiciosa que inclúa partidas para aloxamento, manutención e transporte.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,
Ánxeles Cuña Bóveda
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 19/10/2017 11:56:19

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 19/10/2017 11:56:34

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 12:06
Nº Rexistro: 19048
Data envio: 19/10/2017 12:06:23.539

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luis Villares Naveira na data 19/10/2017 11:56:46

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 12:34
Nº Rexistro: 19052
Data envio: 19/10/2017 12:34:58.554

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre as consecuencias dos incendios no patrimonio cultural.

Os incendios non son só unha ameaza para a natureza senón tamén para o patrimonio cultural, moito del localizado no monte ou nas proximidades deste como acontece con mámoas e petróglifos, entre outros.

No mes de outubro Galiza estivo fortemente atinxida por máis unha vaga de incendios que se ben tivo o seu peor momento na madrugada do domingo día 15, xa se tiña iniciado con anterioridade.

Extinguidos os incendios xa coñecemos que nalgúns casos os lumes atinxiron o noso patrimonio cultural, alén da propia paisaxe, por exemplo un castro situado no Val de Lemos, segundo informou a xerente do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, Alexandra Seara.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a :

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 12:34
Nº Rexistro: 19052
Data envio: 19/10/2017 12:34:58.554

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Iniciar un proceso de revisión e inventariado dos bens patrimoniais que estivesen localizados nos montes e lugares que resultaron atinxidos pola vaga de incendios co obxectivo de determinar o grao de afectación dos mesmos por parte do lume e/ou dos traballos de extinción.

2. Destinar unha partida orzamentaria dirixida ao proceso de recuperación dos bens patrimoniais afectados polos incendios."

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Pontón Mondelo

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2017 12:14:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2017 12:15:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 12:34
Nº Rexistro: 19052
Data envio: 19/10/2017 12:34:58.554

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2017 12:15:08

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2017 12:15:13

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2017 12:15:15

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2017 12:15:20

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:00
Nº Rexistro: 19068
Data envio: 19/10/2017 13:00:40.024

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á afección da vaga de lumes de outubro de 2017 sobre o sector turístico galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos días finais da primeira quincena do mes de outubro de 2017 Galiza sufriu o impacto da máis importante vaga de lumes da última década. As primeiras estimacións oficiais comunicadas pola Xunta de Galiza o pasado día 18 de outubro indicaban arredor de 35.500 hectáreas de superficie afectada ás que haberá que engadir as 12.600 ha que segundo os datos de Medio Rural tiñan ardido até esta nova traxedia. Sen dúbida, as consecuencias destes acontecementos veranse no noso país en múltiples aspectos, tamén en moitos ámbitos da nosa economía sobre os que cómpre estar vixiante e anticiparse. Entre eles, cómpre ter en conta o do turismo.

Cómpre recordar que segundo os datos feitos públicos pola Xunta de Galiza a finais do mes de setembro, ten aumentado o número de turistas nos oito primeiros meses de 2017, ata acadar 3,6 millóns de visitantes que se aloxaron no noso país. Así mesmo, o 29 de setembro de 2017 coñeciamos os datos do Instituto Nacional de Estatísticas a respecto do mes de agosto no que atinxe ás Enquisas de ocupación en aloxamentos turísticos extrahoteleiros, que permite facer unha diagnose do peso que teñen este tipo

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:00
Nº Rexistro: 19068
Data envio: 19/10/2017 13:00:40.024

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de ofertas, como albergues ou casas rurais, por exemplo, na variedade do turismo galego. Neste sentido, podemos observar o importante peso do turismo procedente do Estado español. Mediante esta enquisa, podemos ver como a respecto de agosto de 2017 amósase que do total de 27.439 viaxeiros e viaxeiras con pernocta en total, 22.260 serían residentes no Estado español e das 119.088 pernoctas totais, 103.679 pertencerían tamén a residentes.

Uns acontecementos como os que viviu o noso país arredor do 15 e 16 de setembro sen dúbida pode ter un importante impacto no turismo. Dunha banda, na afección ás propias infraestruturas, que requiren de investimento e de tempo para a súa recuperación. Doutra banda, na afección ao noso medio natural, importante atractivo para as e os visitantes e para o desenvolvemento de opcións de turismo relacionadas coa interacción con este. Unha perda que en moitos casos podemos cualificar de irrecuperábel. Finalmente, a importancia destes lumes e o impacto do seu coñecemento poden ser un elemento desincentivador á hora de que as e os visitantes decidan manter a súa visita ao noso país ou ben avalíen ou non considerarnos unha opción.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a elaborar a través da Axencia de Turismo de Galiza e en colaboración coas organizacións profesionais do sector, unha diagnose das consecuencias e potencial impacto no turismo galego da vaga de lumes de setembro de 2017, con especial atención ao seu impacto na atracción de visitantes procedentes do Estado español, así como a acordar co sector as medidas

59738

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:00
Nº Rexistro: 19068
Data envio: 19/10/2017 13:00:40.024

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

económicas e informativas necesarias para reducir as potenciais consecuencias negativas e superar as dificultades ocasionadas.”

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2017 12:55:37

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2017 12:55:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2017 12:55:50

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:00
Nº Rexistro: 19068
Data envio: 19/10/2017 13:00:40.024

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2017 12:55:51

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2017 12:55:53

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2017 12:56:00

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:18
Nº Rexistro: 19080
Data envio: 19/10/2017 13:18:43.697

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre os protocolos de actuación e xestión de crise e a súa aplicación na vaga de incendios do 15 de outubro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas situacións de crise provocadas por accidentes, desastres ou catástrofes medioambientais, atentados ou outras situacións excepcionais exixen dunha xestión planificada e coordinada da comunicación institucional.

Neste senso, calquera institución ou entidade pública debe contar con protocolos claros que estabelezan os criterios a seguir, a comezar por un centro de información que asuma a responsabilidade da xestión da comunicación de crise.

Estes protocolos, alén do máis, deben contemplar unha fase de análise posterior como elemento chave para avaliar o traballo desenvolvido e os resultados obtidos, así como adoptar as medidas que sexan necesarias para corrixir os posíbeis erros detectados. Esta é unha cuestión crucial.

Durante a vaga de incendios que asolagou o país na fin de semana do 15 de outubro a Xunta de Galiza demostrou non ter ou non aplicar eses protocolos pois unha revisión da comunicación institucional xerada nesas datas así o evidencia.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:18
Nº Rexistro: 19080
Data envio: 19/10/2017 13:18:43.697

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén do apagón informativo das canles públicas (CRTVG) durante a xornada do domingo, cando deberan ser a radio e televisión de Galiza unha ferramenta fundamental para difundir información de servizo durante a crise; tampouco a páxina web e as contas nas diferentes redes sociais da Xunta de Galiza cumpriron coas funcións que lle corresponden perante estas situacións.

Sirva de exemplo que a información proporcionada a través da Vicepresidencia da Xunta de Galiza a modo de recomendacións en materia de seguridade dirixidas ao conxunto da poboación, non se difundiu até as 2:06 horas da madrugada do 16 de outubro, cando o vicepresidente da Xunta, por exemplo, se atopaba no posto de mando desde as 15h do 15 de outubro e os incendios adquiriran xa unha magnitude que puña en perigo milleiros de persoas en boa parte do país, nomeadamente en Ourense, Pontevedra, o Sur de Lugo e Os Ancares.

Ou tamén, o feito de que a DGT proporcionou información de servizo sobre a situación das estradas galegas durante os incendios e esta non foi difundida a través de ningunha canle oficial pola Xunta de Galiza e a contrapé pola CRTVG.

A comunicación de crise, que corresponde xestionar á máxima autoridade de Galiza neste caso, ten que pór o público en primeiro lugar e proporcionar fontes de información accesíbeis para o conxunto da poboación. Tendo en conta que nos atopamos no ano 2017, estas plataformas son, fundamentalmente, os medios de comunicación públicos e as redes sociais.

Así, estes medios deben proporcionar unha corrente constante de información oficial e contrastada que sirva de fonte fiábel. Información centralizada nun único centro con acceso ou contacto permanente cos distintos axentes que traballan sobre o terreo. Situando por enriba doutros, un único portavoz. A modo de exemplo, na xestión

59742

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:18
Nº Rexistro: 19080
Data envio: 19/10/2017 13:18:43.697

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da crise vivida en Barcelona con motivo dos atentados xihadistas do 17 de agosto, este papel cumprírono os Mossos.

Coordinación e planificación son elementos chave na comunicación de crise tamén para combater un fenómeno cada vez máis estendido como son os 'bulos'. Falsidades difundidas a través das redes sociais, ou mesmo en medios de comunicación nalgúns casos, que deben ser desmentidas oficialmente para transmitir tranquilidade e calma ao conxunto da sociedade. Non se pode improvisar.

E isto foi precisamente o que aconteceu na Galiza durante estes días. O que non pode pasar. Descoordinación, falta de planificación e ausencia de fontes oficiais contrastadas e accesíbeis.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver unha análise rigorosa da xestión desenvolvida da comunicación de crise durante a vaga de incendios do 15 de outubro.

2. Revisar os protocolos de actuación e xestión da comunicación durante as situacións de crise e/ou, en ausencia destes, a elaborar un protocolo de maneira participada con profesionais da comunicación.

3. Remitir os Protocolos de actuación e xestión da comunicación de crise ao Parlamento, neste período de sesións, para o seu coñecemento por parte das

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:18
Nº Rexistro: 19080
Data envio: 19/10/2017 13:18:43.697

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

organizacións políticas con representación parlamentar permitindo que estas poidan facer achegas que os completen ou melloren.”

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2017 13:10:49

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2017 13:10:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2017 13:10:55

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2017 13:10:57

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:18
Nº Rexistro: 19080
Data envio: 19/10/2017 13:18:43.697

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2017 13:10:58

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2017 13:11:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:56
Nº Rexistro: 19092
Data envio: 19/10/2017 13:56:05.775

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª.**

Exposición de motivos

No ano 2009, coa entrada do Partido Popular, abandonouse o Plan de Mellora da Atención Primaria, decenas de centros de saúde prometidos ficaron esquecidos. Sen embargo, o Goberno mantivo a promesa de construción sobre algúns deles.

No caso do Centro de Saúde de Ribadavia, na provincia de Ourense, chegáronse a facer xestións tanto por parte do Goberno local como da Xunta de Galicia. O certo é que a día de hoxe o centro de saúde segue sen facerse e as diferentes Administracións bótanse a culpa sen atopar ningún tipo de solución.

Esta situación provoca que o centro de saúde actual siga deteriorándose e con elo o dereito á atención sanitaria das veciñas e veciños da zona, por iso é necesario dar unha solución urxente ás deficiencias de centro, como por exemplo:

- Establecer a atención sanitaria urxente de pediatría aos nenos e nenas dos municipios da comarca do Ribeiro no Punto de Atención Continuada (PAC) de Ribadavia.
- Mellora do servizo de ambulancia de urxencia, xa que na actualidade só existe unha única ambulancia de garda, dándose situacións nas que ten que vir a unha intervención a Ribadavia ou a o Ribeiro unha ambulancia desde Ourense, por atoparse a nosa ocupada en servizo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:56
Nº Rexistro: 19092
Data envio: 19/10/2017 13:56:05.775

- Mellora dos accesos peonís, salvando as barreiras arquitectónicas, que impiden ou dificultan o acceso ao centro de saúde desde a rúa da Veronza, e mellorando a de acceso dende a Rúa do Carballiño.
- Mellora do acceso de vehículos, retirando valados e aumentando a entrada nos accesos desde a rúa do Carballiño. Crear un acceso/ saída do aparcadoiro desde a rúa Veronza.
- Mellora de mantemento do edificio actual que alberga o Centro de Saúde de Ribadavia, mentres non se execute o novo centro. Exterior e interior, así como as instalacións en xeral.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que destine e execute, para estes vindeiros orzamentos, unha partida que permita dar solución ás deficiencias do actual Centro de Saúde.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández — Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira — Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 19/10/2017 13:51:37

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:56
Nº Rexistro: 19092
Data envio: 19/10/2017 13:56:05.775

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luis Villares Naveira na data 19/10/2017 13:51:43

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 19095
Data envio: 19/10/2017 14:11:13.963

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados Raquel Arias Rodríguez, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Núñez Centeno, Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, Encarnación Amigo Díaz e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos:

O Programa de Apoio á Natalidade (PAN) posto en marcha polo Goberno galego co obxectivo de apoiar e protexer ás familias e contribuír á revitalización demográfica e ó recambio xeracional incluía entre as súa medidas a posta en marcha do Bono Coidado.

O Bono Coidado, ao igual que o Bono Concilia ou as Casas Niño, supuxo o pasado ano un programa pioneiro en Galicia. A medida, a grandes rasgos, consiste nunha axuda económica directa para colaborar no pago do importe dun servizo de atención aos nenos a domicilio o tempo que os pais traballan e non poden levalos a unha escola infantil ou outro recurso. Trátase de cubrir unha eventualidade, ben sexa por unha doenza, enfermidade puntual ou por outro imprevisto ocasional.

No Grupo Parlamentario Popular, dende o convencemento de que todos os recursos que se poñan ao servizo da conciliación redundarán, ademais de nas persoas directamente afectadas, en beneficio da sociedade no seu conxunto, consideramos axeitado manter, mellorar e incrementar, todo o que o orzamento permita, cantas medidas de conciliación sexan posibles.

O Bono Coidado representa un bo exemplo de medida a manter e, na medida do posible e tendo moi presente o resultado da experiencia deste primeiro ano de vixencia, mellorar.

Así foi comprometido polo noso partido no programa electoral co que obtivemos a confianza maioritaria dos galegos no ano 2016, un documento no que a “consolidación

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 19095
Data envio: 19/10/2017 14:11:13.963

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

e despregue do Bono Coidado" figuraba entre as principais medidas do apartado de apoio ás familias.

Por todo o exposto é polo que o Grupo Parlamentario Popular propón a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a consolidar e mellorar o programa bono coidado co fin de axudar ás familias á conciliación da vida persoal, familiar e laboral".

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/10/2017 13:47:04

Raquel Arias Rodríguez na data 19/10/2017 13:47:33

Marta Rodriguez Arias na data 19/10/2017 13:47:54

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 19/10/2017 13:48:13

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 19/10/2017 13:48:23

Diego Calvo Pouso na data 19/10/2017 13:48:37

María Encarnación Amigo Díaz na data 19/10/2017 13:48:48

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 19/10/2017 13:49:07

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 19113
Data envio: 19/10/2017 16:20:24.373

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

O síndrome de Behçet está catalogado como enfermidade rara. Trátase dunha enfermidade autoinmune. Resumidamente defínese como unha vasculite multisistémica crónica que produce inflamación dos vasos sanguíneos dunha maneira recorrente. É de orixe descoñecida, aínda que se cre que aparece en persoas de xenética predispostas. O seu índice de prevalencia enmárcase en torno aos 5 ou 6 afectados por 100.000 habitantes.

Os que a padecen precisan de múltiples e custosos tratamentos a base de corticoides, inmunosupresores, pomadas, cremas, etc. A alternativa dos tratamentos biolóxicos é difícil de conquerir debido ao seu elevado coste, aínda que a súa eficacia é alta. A non existente de regulación homologada a este respecto provoca desigualdades en distintos lugares. Recorrer á sanidade privada, que podería solventar o problema, non é unha saída posible para moitos dos enfermos e non semella unha posibilidade que deba abrir o sistema público. Os copagos e compra de medicamentos ou tratamentos non financiados publicamente supoñen un gasto mínimo mensual de 150 euros por enfermo, que en moitas ocasións alcanza os 300 euros.

O descoñecemento da enfermidade, as dificultades para o diagnóstico e tratamento e a incerteza produce estados de ansiedade e malestar que conlevan agravamento da saúde dos pacientes. Isto únese aos complexos tratamentos e a necesidade de acudir a diferentes especialistas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 19113
Data envio: 19/10/2017 16:20:24.373

A diagnose e detección da enfermidade é difícil por ser, precisamente, unha enfermidade rara e por tanto complexa na detección para os e as profesionais, que se atopan especialmente saturados no seu traballo pola ausencia de contratación e substitución de persoal e as acumulacións que iso provoca nos profesionais activos. É necesaria unha maior formación e información, para facilitar o traballo dos/as profesionais de atención primaria na súa capacidade de detección de síntomas relacionados coa enfermidade de Behçet.

No que corresponde ao tratamento desta enfermidade non existe ningunha unidade de referencia multidisciplinar en Galicia que permita afrontar esta realidade con profesionais axeitados e coñecedores destas situacións e do seu tratamento, formados en técnicas e coidados avanzados e que poidan especializarse nas melloras e avances.

Respecto das súas consecuencias, esta enfermidade ten un forte carácter incapacitante nos casos que se van agravando. Non entanto esta incapacitación non está ben recoñecida en termos laborais, o que supón un problema de desigualdade no acceso ao traballo e o seu desenvolvemento.

A proposta do Grupo Socialista, o 17 de maio de 2017 aprobouse por unanimidade no Senado de España unha moción que instaba a diversas melloras na diagnose e tratamento desta enfermidade.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 19113
Data envio: 19/10/2017 16:20:24.373

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dar seguimento e aplicación ás medidas e conclusións incluídas na moción presentada polo Grupo Socialista na Comisión de Sanidade e Servicios Sociais do Senado de España e aprobada por unanimidade.
2. Fomentar a formación e o acceso á información sobre a enfermidade de Behçet aos e ás profesionais do sistema público de saúde, co fin de mellorar a súa capacitación para detección e diagnose.
3. Establecer un protocolo de actuación para os casos que poidan ser detectados como posibles afectados da enfermidade de Behçet dentro do sistema público de saúde
4. Conformar unha unidade multidisciplinar de referencia en Galicia que permita mellorar e avanzar nos tratamentos aos doentes, e poida establecer criterios de avaliación sobre tratamento e medidas a desenvolver acerca dos afectados por esta enfermidade.
5. Demandar do Goberno de España a que estudie as melloras posibles no sistema de avaliación de incapacidades, para poder garantir unhas mellores condicións laborais para as persoas afectadas.
6. Aumentar o investimento en investigación biomédica en Galicia, considerando de maneira especial aos grupos e liñas de investigación que atenden ás enfermidades raras e, de maneira específica, á enfermidade de Behçet.

Pazo do Parlamento, 19 de outubro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 19113
Data envio: 19/10/2017 16:20:24.373

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/10/2017 16:16:56

Noela Blanco Rodríguez na data 19/10/2017 16:17:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/10/2017 16:17:10

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:45
Nº Rexistro: 19140
Data envio: 19/10/2017 16:45:26.185

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a constitución dunha comisión de investigación relativa ás causas, procedementos e consecuencias da vaga de lumes de outubro de 2017

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza sufriu nos últimos días da primeira quincena do mes de outubro de 2017 a vaga de lumes máis importante da última década, con consecuencias dramáticas sobre as persoas e o territorio. As primeiras estimacións oficiais comunicadas pola Xunta de Galiza no pasado día 18 de outubro indicaban arredor de 35.500 hectáreas de superficie afectada, ás que haberá que engadir as 12.600 ha que segundo os datos de Medio Rural tiñan ardido até esta nova traxedia.

Estes acontecementos, sumados á importancia da vaga de lumes en Portugal e Asturias na mesma data, así como os tráxicos acontecementos de Pedrogrão en xuño de 2017, deben levarnos a impulsar desde as institucións galegas unha profunda labor de estudo e reflexión para analizar e tirar

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:45
Nº Rexistro: 19140
Data envio: 19/10/2017 16:45:26.185

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conclusións das causas estruturais e conxunturais que están detrás dos incendios que anualmente, e cada vez de maneira máis desestacionalizada, atinxen as dúas marxes do Miño. Estes feitos, que fan evidentes as mudanzas climáticas que se teñen producido e están a producir na actualidade, xunto coas evidencias dunha nova tipoloxía de lumes, requiren tanto dunha visión global e non compartimentada das políticas de intervención e ordenación forestal e do territorio como dunha maior previsión no desenvolvemento dos plans de prevención.

Para acadar estes obxectivos é fundamental levar a cabo unha análise rigorosa dos condicionantes, causas e consecuencias desta vaga de lumes así como avaliar o funcionamento, acertos e deficiencias tanto dos dispositivos de extinción como dos de emerxencias e facer unha análise dos diferentes incendios ao longo do país. Así mesmo, faise preciso actualizar as análises de cara a reconsiderar as actuacións que desde as administración regulan a organización do territorio, a planificación forestal e todos os elementos que directa ou indirectamente cumpren un papel neste asunto. É unha responsabilidade colectiva que unha traxedia deste tipo non volva acontecer e que esteamos preparadas e preparados para os retos que nos presentan as mudanzas desta última década e do futuro.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

59756

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:45
Nº Rexistro: 19140
Data envio: 19/10/2017 16:45:26.185

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento de Galiza acorda constituír unha comisión de estudo para a investigación das causas, procedementos de xestión e consecuencias da vaga de lumes de outubro de 2017 para obter unha análise rigorosa dos acontecementos e no prazo máximo de seis meses extraer propostas de intervención para paliar as consecuencias e mellorar os procesos de prevención e extinción."

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2017 16:44:26

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:45
Nº Rexistro: 19140
Data envio: 19/10/2017 16:45:26.185

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2017 16:44:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2017 16:44:34

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2017 16:44:35

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2017 16:44:37

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2017 16:44:43

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:51
Nº Rexistro: 19148
Data envio: 19/10/2017 16:51:50.279

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de motivos

Neste último fin de semana os incendios teñen asolado o noso país. Hoxe todos somos máis conscientes de que a loita contra o lume ten que se converter nunha loita de país e nas nosas retinas, entre outras, quedaron imaxes dos danos que se teñen orixinado aos animais, tanto silvestres como de granxa e domésticos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que active, de maneira inmediata, protocolos de recuperación de especies de fauna silvestre.
2. Que habilite áreas específicas de coidado e atención de animais salvaxes ou de granxa que estean feridos, desorientados ou perdidos, onde poidan ser atendidos por profesionais e, se procedese, poidan ser devoltos ao seu hábitat natural.
3. Que asista aos concellos afectados que tamén teñan animais afectados e que poña á súa disposición axudas e grupos de traballo.

Pazo do Parlamento, 19 de outubro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
José Manuel Pérez Seco
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:51
Nº Rexistro: 19148
Data envio: 19/10/2017 16:51:50.279

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/10/2017 16:39:25

José Antonio Quiroga Díaz na data 19/10/2017 16:39:31

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/10/2017 16:39:38

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/10/2017 16:39:43

Raúl Fernández Fernández na data 19/10/2017 16:39:46

María Luisa Pierres López na data 19/10/2017 16:39:50

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/10/2017 16:39:55

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:53
Nº Rexistro: 19154
Data envio: 19/10/2017 16:53:18.170

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de motivos

A loita contra o lume ten que se converter nunha loita de país. A pasividade do Goberno galego, a súa falla de prevención e a ausencia de aplicación da alta tecnoloxía á detección de lumes lévannos ano a ano a resultados como estes.

Os incendios destes últimos días en zonas protexidas teñen provocado grandes danos ambientais. Só nos Ancares (Reserva Natural da Biosfera), as primeiras estimacións son de case 4000 hectáreas queimadas, máis de 2000 na zona de Noceda, moi preto do castelo de Doiras, e máis de 1000 en Donís, nas inmediacións das pallozas de Piornedo. Lamentablemente, o lume levou xa o 7 % do total da reserva.

Os danos ecolóxicos son moi graves, polo que é necesario comezar con urxencia os labores de rexeneración ambiental para impedir a desertización das zonas queimadas. Son previsibles escorrentías, graves procesos erosivos, desaparición dos solos por arrastres nas áreas de maior pendente e contaminación de acuíferos e ríos ata chegar ás rías. E, como resultado, un empobrecemento do chan.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:53
Nº Rexistro: 19154
Data envio: 19/10/2017 16:53:18.170

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que deseñe un plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais, incluíndo medidas e accións para loitar contra os procesos erosivos e para recuperar e rexenerar os hábitats afectados.
2. Que dote dunha memoria económica a este plan, detallando os investimentos e prazos de execución do mesmo para cada unha das actuacións previstas.
3. Que restaure as dotacións de servizos básicos que se viron afectadas polos incendios.

Pazo do Parlamento, 19 de outubro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
José Manuel Pérez Seco
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/10/2017 16:30:10

José Antonio Quiroga Díaz na data 19/10/2017 16:30:16

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:53
Nº Rexistro: 19154
Data envio: 19/10/2017 16:53:18.170

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/10/2017 16:30:21

Raúl Fernández Fernández na data 19/10/2017 16:30:29

María Luisa Pierres López na data 19/10/2017 16:30:35

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/10/2017 16:30:39

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:08
Nº Rexistro: 19165
Data envio: 19/10/2017 17:08:34.156

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Imos partir da premisa de que tódolos lumes non son apagables. Ata os anos noventa e pouco, a maioría dos lumes, aínda tendo complicacións diversas, eran controlables, debido a catro razóns fundamentais:

1-- N*on era necesario protexe-los núcleos de poboación porque xa estaban protexidos pola actividade agrícola, polo tanto a actividade do Spdcif era máis ofensiva ca defensiva.*

2-- *As masas forestais non tiñan o volume actual, hoxe, debido ó abandono do rural, a carga de combustible é moi superior á dos anos noventa.*

3-- *cambio climático, con temperaturas máis altas e humidades relativas máis baixas e unha secas continuadas e cada vez máis frecuentes olas de calor.*

As diferentes procedencias, formación, condicións laborais e salarios, e sobre todo a precariedade laboral de moitos deles conforman un dispositivo dificilmente comprensible e con fortes debilidades á hora de cumpri-la súa función.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:08
Nº Rexistro: 19165
Data envio: 19/10/2017 17:08:34.156

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O servizo que cobre as emerxencias debe basearse en dous eixos fundamentais: profesionalización e formación.

En Galicia temos un sistema atomizado con múltiples organismos que se adican á prevención e extinción. Isto resta notablemente, ó noso entender, eficacia na actuación nos lumes forestais e moito máis coa nova tipoloxía de incendios á que nos enfrontamos na actualidade xa que se comportan de maneira completamente diferente á afrontada ate o día de hoxe.

Non se entende que nestes momentos teñamos con dedicación prioritaria ós lumes forestais: GES, brigadas do SPDCIF, brigadas municipais, brigadas privadas, SEAGA, UME... E cando un director de incendio ten que se enfrontar cun lume serio, que fai con estes efectivos sen homologación?

A atomización e heteroxeneidade do Servizo de extinción de incendios, baixo a responsabilidade da Xunta de Galicia, coa continua perda de peso neste do Spdcif afecta gravemente a eficacia deste.

Demasiados chiringuitos pagados con cartos públicos e cunha formación escasa.

A eficacia diminúe por dous factores, por atomización do dispositivo, (estase metendo no monte xente pouco preparada) e porque os dispositivos da Xunta de Galicia non están sendo adaptados ó novo tipo de lumes.

Os medios de extinción de incendios da Xunta de Galicia non están ó día. No BOE, o real decreto 624/2013 indica que formación específica deben te-las brigadas forestais. No 2015, o 7 de agosto remite a CIG un escrito á Secretaría técnica de Medio Rural onde se lle indica a existencia deste decreto de regulación de formación e de capacitación profesional de obrigado cumprimento que deben aplicar a tódolos

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:08
Nº Rexistro: 19165
Data envio: 19/10/2017 17:08:34.156

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dispositivos para que teñan clara a forma de actuar en calquera tipo de continxencias. Porque tanto teñen que defender unha casa coma un depósito de propano coma unha residencia de vellos polo que é preciso **ter formación específica** e **non autoformación.** Isto non se pode deixar á **improvisación.** T**odo dispositivo que traballe nunha emerxencia debe ter esa formación:** brigadas municipais, seaga, persoal privado contratado...

Aínda no caso que a súa teimosía os leve a continuar cun dispositivo caótico e dispar como teñen, deben telo ben formado e homologada a súa formación.

Sendo realistas, cando as brigadas dos concellos están medianamente preparadas para interviren cun mínimo de eficiencia acabouse a temporada e para o ano deus dirá. Unha brigada municipal ten a calidade operativa do salario que cobra e do tempo de contrato que ten.

A realidade é que non existe ningún protocolo conxunto en canto a preparación e formación.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

-Disolver as brigadas municipais de incendios e incorporar esa partida ó SPDCIF.

- Cumprir coa lexislación vixente (BOE 624/213, Lei de Emerxencias 2015) en materia de formación do persoal adicado a emerxencias e extinción de lumes."

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:08
Nº Rexistro: 19165
Data envio: 19/10/2017 17:08:34.156

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2017 17:06:46

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2017 17:06:52

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2017 17:06:55

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2017 17:06:57

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2017 17:06:58

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:08
Nº Rexistro: 19165
Data envio: 19/10/2017 17:08:34.156

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2017 17:07:00

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:27
Nº Rexistro: 19171
Data envio: 19/10/2017 17:27:55.515

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa aos gastos en publicidade durante a vaga de lumes de outubro de 2017 por parte do goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre os días 15 e 16 de outubro, aínda que algúns se iniciaran con anterioridade, Galiza sufriu unha extrema vaga de lumes, a máis importante e grave da última década polo seu alcance e consecuencias dramáticas. O día 17 de outubro, aínda non se tiña superado a crise e tampouco se tiñan declarado extinguidos a totalidade de lumes ao longo do país, especialmente nas zonas de Lugo Sur e Ourense, onde a chuvia tardou máis en aparecer. Ese mesmo día, a partir das 16:00 compareceu a conselleira de Medio Rural, Dona Ánxeles Vázquez, no Pleno do Parlamento Galego para informar da situación. Ese mesmo día, as e os galegos que puideron consultar a prensa escrita puideron ver unha páxina publicitaria da Xunta de Galiza onde desenvolvía unha serie de contidos coincidentes cos que o señor Presidente da Xunta de Galiza declarara aos medios de comunicación o 16 de outubro e que colgou tamén na páxina web da Xunta de Galiza.

Baixo o título "Declaración institucional da Xunta de Galicia" recollíase en varios medios de comunicación de prensa escrita de edición galega e tamén estatal unha

59769

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:27
Nº Rexistro: 19171
Data envio: 19/10/2017 17:27:55.515

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

páxina completa desenvolvendo un relatorio dos feitos, un agradecemento ás persoas e colectivos que colaboraran na busca dunha saída, un recordatorio ás vítimas pero tamén a súa particular e parcial interpretación das causas e desenvolvemento dos feitos aínda sen investigar.

En tales circunstancias é máis importante ca nunca ter en conta os contidos institucionais a difundir, os seus mecanismos e tamén o esforzo económico e difusor que se emprega, tendo en conta as necesidades informativas e as necesidades derivadas dunha traxedia de tanto alcance.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a elaborar e publicar un informe no que se especifiquen as actuación comunicativas desenvolvidas na semana da vaga de lumes de setembro de 2017 onde se indique a contía orzamentaria destinada así como os criterios para a selección dos contidos e medios de distribución."

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

59770

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:27
Nº Rexistro: 19171
Data envio: 19/10/2017 17:27:55.515

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2017 17:23:33

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2017 17:23:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2017 17:23:41

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2017 17:23:43

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2017 17:23:44

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2017 17:23:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:39
Nº Rexistro: 19182
Data envio: 19/10/2017 17:39:17.156

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ano 2017 está a ser difícil para moitas persoas no noso país por diferentes motivos. En concreto, a importancia da seca e de moitos meses de clima máis cálido do habitual e con escasas choivas, trouxo moitos problemas ao sector agrogandeiro.

No que vai de ano vimos como primeiro, na madrugada do 26 ao 27 de marzo, unha drástica xeada sometía campos e plantacións a un fortísimo contraste térmico que acabaría queimando un volume importante de cultivos ao longo do noso país. A máis popularizada foi a afectación á uva, pero trouxo tamén consecuencias por exemplo na castaña ou na apicultura. Así mesmo, causou moitas perdas a respecto do alimento para o gando.

Despois da xeada as e os gandeiros xa alertaron de que as consecuencias virían tamén para a forraxe. A herba queimada primeiro e a seca e a falta de choiva xunto cunhas temperaturas altas na primavera traducíronse en que en xuño, ao segar, en concellos como Viana do Bolo non apañaron nin un terzo do habitual. Tamén hai que recordar que os prados foron esgotándose antes do habitual e diante da falta de forraxe tiveron que andar a comprala fóra, vendo como os prezos se disparan e non dan asumido

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:39
Nº Rexistro: 19182
Data envio: 19/10/2017 17:39:17.156

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

os custos. A isto súmase un verán duro e a falta de auga que trae non só que non haxa unha recuperación na herba, senón que non dan feito para darlle de beber aos animais.

Ademais, esta situación complicouse e estendeuse a moitos máis concellos galegos a raíz da vaga de lumes da primeira quincena de outubro de 2017, polo que a situación de moitas persoas que non poden alimentar os seus animais é moi crítica.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta a estabelecer unha liña de axudas directas para a compra de alimento para o gando de cara a evitar que as e os gandeiros teñan que vender ou sacrificar animais por causa da falta de alimento derivada da seca e da incidencia excepcional dos incendios."

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

59773

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:39
Nº Rexistro: 19182
Data envio: 19/10/2017 17:39:17.156

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2017 17:38:12

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2017 17:38:16

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2017 17:38:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2017 17:38:21

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2017 17:38:24

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2017 17:38:27

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:48
Nº Rexistro: 19187
Data envio: 19/10/2017 17:48:20.906

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre as mudanzas previstas en materia de condicións laborais do alumnado de FP Dual.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 5 de outubro de 2017 tivo lugar en Madrid o III Foro da Alianza para a FP Dual na que o director da CEOE para a Formación, Juan Carlos Tejeda, presentou un informe no que recollen até 60 propostas regulatorias para "estabelecer un marco xurídico común" a todo o Estado español para o desenvolvemento, din, desta modalidade formativa.

Entre as distintas medidas que inclúe o informe salientan aquelas referidas á modalidade contractual que rexe a relación entre o alumnado e as empresas para as que traballa. Neste senso, a patronal española propón facer extensíbel o contrato de formación e aprendizaxe alén dos 30 anos que actualmente se fixan como límite para "pasar a ser aplicábel a calquera alumno matriculado nun ciclo de modalidade dual, sen límite de idade".

59775

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:48
Nº Rexistro: 19187
Data envio: 19/10/2017 17:48:20.906

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, defenden desde a CEOE que estes contratos teñan un período de proba dun mes e que se o contrato se rescinde antes de finalizar o período de formación (cando se gradúe) non se exixa ningún tipo de indemnización.

Así mesmo, pretenden que o alumnado matriculado na FP Dual non contabilice como parte do cadro de persoal das empresas, que a xornada laboral non poida superar a fixada no convenio colectivo, sumando as horas de formación no centro e o traballo na empresa mentres que a retribución salarial fixaríase de acordo co SMI en proporción ás horas de traballo na empresa.

Ademais, reclaman bonificacións públicas no caso de que contraten unha persoa previamente contratado pola FP Dual e a posibilidade de contratar a quendas.

Segundo transcendeu nos medios de comunicación, o Ministerio de Educación español teríase comprometido coa patronal e tamén coas Comunidades Autónomas a negociar unha reforma na que se contemplen as demandas realizadas pola CEOE no marco desta Alianza.

Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que as demandas da patronal supoñen unha vulneración dos dereitos laborais e afondan na precarización que se estabeleceu coas sucesivas reformas aprobadas polo Goberno español e mesmo as agrava ao facer extensíbel os contratos de formación e aprendizaxe a calquera idade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para debate en comisión:

59776

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:48
Nº Rexistro: 19187
Data envio: 19/10/2017 17:48:20.906

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a rexeitar calquera mudanza impulsada polo Goberno español no marco da Formación Profesional Dual e, especificamente, a respecto das condicións laborais que rexen a relación entre o estudantado e as empresas."

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2017 17:43:31

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2017 17:43:36

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:48
Nº Rexistro: 19187
Data envio: 19/10/2017 17:48:20.906

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2017 17:43:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2017 17:43:40

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2017 17:43:43

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2017 17:43:46

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 18:14
Nº Rexistro: 19195
Data envio: 19/10/2017 18:14:43.408

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, relativa as medidas a tomar para evitar as consecuencias derivadas dos incendios forestais nas rías e nos bancos marisqueiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos días finais da primeira quincena do mes de outubro de 2017 Galiza sufriu o impacto da máis importante vaga de lumes da última década. As primeiras estimacións oficiais comunicadas pola Xunta de Galiza o pasado día 18 de outubro indicaban arredor de 35.500 hectáreas de superficie afectada ás que haberá que engadir as 12.600 ha que segundo os datos de Medio Rural tiñan ardido até esta nova traxedia. Sen dúbida, as consecuencias destes acontecementos veranse no noso país en múltiples aspectos, tamén en moitos ámbitos da nosa economía sobre os que cómpre estar vixiante e anticiparse.

A tremenda vaga de lumes que asolou o noso país arrasou con centos de hectáreas nas que quedan as cinzas da vexetación queimada sen ningunha protección que as suxeite. De non tomarse medidas todas esas cinzas e terras desprovistas de manto vexetal, poden acabar en algúns casos directamente no mar, e noutros nos nosos ríos, e logo como aluvión nos bancos marisqueiros das nosas rías con tráxicas consecuencias.

É polo tanto preciso tomar medidas para que as previsíbeis choivas do outono e inverno non produzan efectos irreparábeis nos ecosistemas mariños, razón pola cal o

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 18:14
Nº Rexistro: 19195
Data envio: 19/10/2017 18:14:43.408

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Traslade un informe ao Parlamento Galego con todas as accións postas en marcha, incluíndo orzamento, recursos e prazos, para evitar as consecuencias dos incendios forestais sobre os fondos das nosas rías, en especial sobre os bancos marisqueiros.

Levar a cabo de inmediato todas as accións precisas para evitar que as posíbeis escorrentías arrastren cinzas e terras aos nosos ríos e rias, que poidan estragar os ecosistemas, especialmente os bancos marisqueiros."

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

59780

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 18:14
Nº Rexistro: 19195
Data envio: 19/10/2017 18:14:43.408

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2017 18:07:13

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2017 18:07:19

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2017 18:07:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2017 18:07:28

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2017 18:07:29

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2017 18:07:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 11:24
Nº Rexistro: 18714
Data envio: 13/10/2017 11:24:29.790

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a venda de 11 inmóbeis propiedade da Xunta de Galiza no barrio da Tinería (Lugo) e as medidas que prevé adoptar no marco do proxecto de rehabitación e rehabilitación deste espazo.

A Xunta de Galiza anunciou que venderá os inmóbeis que foron adquiridos polo Goberno galego no barrio da Tinería (Lugo) despois de ter desenvolvido un importante investimento público na súa compra e recuperación.

A decisión adoptouse despois de anos de paralización do proxecto de rehabilitación e rehabitación que se puxera en marcha desde a Consellaría de Vivenda durante o Goberno bipartito e que tiña entre os seus obxectivos orientar o uso e ocupación dos inmóbeis para pular por estabelecementos compatíbeis cun barrio situado no corazón da cidade de Lugo, no seo do seu casco histórico, vertebrado alén do máis por tres bens declarados Patrimonio da Humanidade: a Muralla, a Catedral e o Camiño Primitivo.

Un proxecto de rehabilitación e rehabitación, cómpre lembrar, recoñecido internacionalmente en 2008 polas Nacións Unidas (UN-Habitat) no marco do Programa de Mellores Prácticas e Liderazgo Local conseguindo o primeiro premio no apartado de rehabilitación de cascos históricos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 11:24
Nº Rexistro: 18714
Data envio: 13/10/2017 11:24:29.790

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén o Goberno galego pretende vender 11 dos locais que posúe en propiedade na Tinería, cun prezo de saída de 24 mil euros, e malia que valora a posibilidade de alugalos o delegado da Xunta en Lugo asegurou que priorizarán a compra. Cómpre sinalar que nalgúns dos inmóbeis atópanse restos arqueolóxicos como cloacas romanas.

O anuncio desta venda produciuse antes mesmo de ter lugar a primeira xuntanza da mesa de traballo constituída para abordar as distintas problemáticas que atinxen o barrio, na que están representadas a veciñanza, a corporación local (incluídas as forzas da oposición), a Xunta e a Subdelegación do Goberno español en Lugo.

Alén disto, a parálise na que se atopa o proxecto de rehabilitación e rehabitación do barrio da Tinería deixa moitas incógnitas sobre que acontecerá con outras importantes unidades de actuación como a U17 na que se atopan os fornos romanos que se prevían musealizar para poder visitalos; a U18 situada fronte ao Pazo de Dona Urraca e o propio Pazo, unha xoia arquitectónica medieval aínda sen rehabilitar.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Vai vender a Xunta de Galiza os 11 inmóbeis que posúe no barrio da Tinería malia as demandas de que non o faga?

- De ser así, por que se prioriza a venda e non o aluguer como estaba previsto inicialmente?

- Cal foi o investimento público realizado nestes inmóbeis? Pensa a Xunta de Galiza recuperar o diñeiro investido?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 11:24
Nº Rexistro: 18714
Data envio: 13/10/2017 11:24:29.790

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que ten previsto que aconteza cos restos arqueolóxicos romanos que se atopan nalgún destes inmóbeis?

- Que pensa facer o Goberno galego a curto, medio e longo prazo nas distintas unidades de actuación que ican aínda no barrio da Tinería, especialmente na U17, U18 e o Pazo de Dona Urraca?

- Con que orzamento conta a Xunta de Galiza para actuar no barrio da Tinería para os vindeiros anos?

- Está a desenvolver, directa ou indirectamente, a Xunta de Galiza algún proxecto de intervención fronte á proliferación da prostitución neste barrio así como no do Carme?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

59784

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 11:24
Nº Rexistro: 18714
Data envio: 13/10/2017 11:24:29.790

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/10/2017 11:21:35

María Montserrat Prado Cores na data 13/10/2017 11:21:39

Ana Pontón Mondelo na data 13/10/2017 11:21:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/10/2017 11:21:42

Noa Presas Bergantiños na data 13/10/2017 11:21:43

Xosé Luis Bará Torres na data 13/10/2017 11:21:45

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 12:10
Nº Rexistro: 18720
Data envio: 13/10/2017 12:10:55.931

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a investigación por parte da Garda Civil dun profesor do IES Pino Manso do Porriño que organizou un debate sobre o referendo catalán co estudantado de 4º da ESO.

A Garda Civil confirmou que iniciou unha investigación a un profesor de Historia do IES Pino Manso do Porriño despois de que este organizase un debate entre o alumnado de 4º da ESO arredor do referendo catalán.

Así o transmitiu o delegado do Goberno español na Galiza, o señor Villanueva, despois de ser requirido sobre a cuestión polo Observatorio para a defensa dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas, Esculca, e logo de ter sido denunciada publicamente a actuación da Garda Civil pola CIG-Ensino.

De feito, o sindicato amosou a súa preocupación, mesmo dirixíndose á Consellaría de Educación, polo acontecido ao considerar que supuña unha vulneración ao dereito de liberdade de cátedra.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 12:10
Nº Rexistro: 18720
Data envio: 13/10/2017 12:10:55.931

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Cónstalle á Consellaría de Educación que a Garda Civil teña investigado o profesor de Historia do IES Pino Manso do Porriño por ter organizado un debate na aula?

- Déronse máis casos coma este, nos que corpos policiais investigasen profesorado galego polas súas actividades docentes, nos últimos anos?

- Que opinión lle merecen estes feitos ao Goberno galego?

- Adoptou ou prevé adoptar a Xunta de Galiza algunha medida despois do acontecido?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

59787

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 12:10
Nº Rexistro: 18720
Data envio: 13/10/2017 12:10:55.931

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/10/2017 11:32:55

María Montserrat Prado Cores na data 13/10/2017 11:33:00

Ana Pontón Mondelo na data 13/10/2017 11:33:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/10/2017 11:33:03

Noa Presas Bergantiños na data 13/10/2017 11:33:04

Xosé Luis Bará Torres na data 13/10/2017 11:33:06

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 12:38
Nº Rexistro: 18725
Data envio: 13/10/2017 12:38:11.942

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Ata hai pouco a época do ano en que os incendios forestais tiñan máis incidencia no territorio galego coincidía sempre co período estival, cando a vexetación chega á madurez e a seca convértea en combustible de alto valor incendiario.

Queremos crer que foi por iso polo que apareceu o chamado reforzo de tres meses que rematou sendo esa vergoña que chamamos persoal de incendios fixo-discontinuo, é dicir, man de obra temporal barata, a disposición, mercede ó paro e á necesidade que a xente ten de comer.

A climatoloxía iniciou hai uns poucos anos un ciclo (queremos crer que se trata dun período no tempo e non dun cambio climático definitivo) con ciclos dentro do ano cada vez máis frecuentes de altas temperaturas, seca persistente, humidade moi baixa e, debido ó abandono do rural, existencia de enormes masas de combustible a xeito de matogueira.

Isto que a Consellería sempre negou é un feito comprobado: **A desestacionalización dos incendios.**

59789

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 12:38
Nº Rexistro: 18725
Data envio: 13/10/2017 12:38:11.942

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É preciso incidir de novo en que o despoboamento do Rural trae consigo o aumento da masa de combustible e a ausencia de brazos e maquinaria que o procese para usos agrícolas, facendo necesario un labor de prevención durante case todo o ano.

Neste 2017 apareceron, neste mes, lumes que ben puideron ser provocados polos desbroces inadecuados motivados polo absurdo das convocatorias e resolucións das axudas fóra de tempo.

A 10 de outubro deste 2017 asistimos a unha chamada xeral ós cesados fixos-discontinuos para se incorporaren ó servizo ata fin de mes, e non só isto senón que tamén se cobren baixas, cousa que non acontecía desde hai tempo. A día da data unha seria vaga de lumes percorre o País, cando tradicionalmente sería un mes sen perigo polas condicións meteorolóxicas que **eran** habituais.

A Consellería terá que tomar en consideración a desestacionalización dos lumes e amplia-lo tempo de contratación ós traballadores de 3 meses implementando as brigadas terrestres e absorbendo tamén ós de 3 meses de Seaga, que todo ha facer falta.

E todo ha facer falta porque o servizo de extinción non pode estar a expensas do que manden as vagas de seca e lumes para contratar o persoal das brigadas terrestres. É cada vez máis necesario cubrir con **persoal profesionalizado e estable os labores de prevención e emerxencias** para controlar un territorio despoboado e onde a maleza campa ás súas anchas.

A nova tipoloxía de incendios con lumes de expansión máis rápida, con ameazas a vivendas, con maior carga de combustible en densidade e en extensión, con temperaturas máis altas e con períodos de secas máis acusados... **esixe** un sistema de prevención e extinción máis profesionalizado e cunha formación homologada e efectiva. Non se debería por tanto utilizar persoal eventual.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 12:38
Nº Rexistro: 18725
Data envio: 13/10/2017 12:38:11.942

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cremos que ..." *van polo bo camiño*"... aínda que lentos. Tamén pode ser que o camiño, as circunstancias, poidan máis cá inexplicable cerrazón a ve-la realidade e encarala coa firmeza e resolución necesarias diante deste complexo problema.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Diante da desestacionalización dos lumes cada vez máis evidente, cal é a razón pola que non se opta por parte do Goberno galego por un SPDCIF único, profesionalizado en prevención e extinción de lumes e apto para todo tipo de emerxencias nomeadamente as rurais?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2017 12:38
Nº Rexistro: 18725
Data envio: 13/10/2017 12:38:11.942

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/10/2017 12:36:52

María Montserrat Prado Cores na data 13/10/2017 12:37:11

Ana Pontón Mondelo na data 13/10/2017 12:37:13

Olalla Rodil Fernández na data 13/10/2017 12:37:15

Noa Presas Bergantiños na data 13/10/2017 12:37:16

Xosé Luis Bará Torres na data 13/10/2017 12:37:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2017 09:30
Nº Rexistro: 18831
Data envio: 16/10/2017 19:06:15.136

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e **Luís Villares Naveira**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento desta Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita.**

Cando se abriu o prazo de reserva de praza en escolas infantís para o curso 2017/2018, a escola infantil municipal do Concello de Monforte tiña 40 familias en lista de agarda. Monforte de Lemos non conta cunha escola pública de ensino infantil da rede autonómica.

A Xunta dispón da axuda "Bono Concilia" destinada a sufragar os gastos dunha praza nunha escola infantil privada para aquelas familias que non conten con praza en centros sostidos con fondos públicos.

Este tipo de axuda, ademais de non cubrir os gastos da praza en todos os casos, non funciona se non existe unha oferta privada adecuada ás necesidades das familias, como sucede en Monforte de Lemos. Deste xeito, se non se aumenta o número de prazas públicas en escolas infantís de 0 a 3 anos en Monforte, fomentarase un nicho de negocio privado e familias quedarán sen acceso a un servizo fundamental para a conciliación da vida familiar e laboral e un recurso educativo.

A Xunta afirma, nunha resposta ao Grupo Parlamentar de En Marea, que no curso pasado 2016/2017 se concederon 24 bonos Concilia a familias de Monforte de Lemos. A inicio do curso 2017/2018 mantense a lista de agarda na gardería municipal (40 nenos e nenas). No caso das garderías privadas da cidade do Cabe, carecen de prazas nos horarios máis demandados polas familias ou en

determinados tramos de idade. Aínda que si houbese horarios que satisfaceren as necesidades das familias, o número de vacantes nas garderías privadas non chegaría para cubrir a lista de agarda da municipal. Ademais, a Xunta comprométese nesta mesma pregunta a que "todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas de entre cero e tres anos a obteñan".

O Concello de Monforte tenlle sinalado ao Conselleiro de Política Social, en xuntanzas oficiais, as necesidades de prazas públicas de escolas infantís neste municipio e a posibilidade de ceder terreos para a construción de dita infraestrutura.

En sede parlamentaria, o Conselleiro de Política Social afirmou que dotará de escolas infantís a aqueles concellos que o soliciten (comparecencia do 6 de xuño de 2017).

A provincia de Lugo ten a rateo máis baixa de Galiza en número de prazas de escolas infantís.

Para En Marea, contar con recursos públicos de conciliación en todo o territorio galego debe ser unha prioridade do Goberno dun País socialmente avanzado, máis no caso dunha nación en recesión demográfica, especialmente nas zonas máis avellentadas, como a comarca de Lemos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

1. Cantos Bono Concilia se teñen solicitado e concedido a familias do Concello e Monforte de Lemos ao abeiro da Orde do 12 de maio de 2017 pola que se regulan estas axudas económicas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2017 09:30
Nº Rexistro: 18831
Data envio: 16/10/2017 19:06:15.136

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

2. Como valora a Xunta o feito de que familias de Monforte desistiran de obter praza en escolas infantís para o curso 2017-2018?

3. Non considera a Xunta que Monforte, como capital da comarca de Lemos, debe contar cun centro da rede Galiña Azul?

4. Que medidas vai tomar a Xunta para aumentar o número de prazas en escolas infantís na comarca de Lemos?

5. Como vai garantir a Xunta a promesa de lista de agarda cero en escolas infantís se non hai prazas suficientes para acoller a demanda existente?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2017

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 16/10/2017 19:04:22

Luis Villares Naveira na data 16/10/2017 19:04:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2017 10:16
Nº Rexistro: 18842
Data envio: 17/10/2017 10:16:46.602

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e **María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A vixente Lei de augas de Galicia, de 2010, e o seu Regulamento, de 2012, estableceron dous novos tributos: un novo imposto, o chamado "canon da auga" e unha nova taxa, a chamada "coeficiente de vertedura". Así, o canon da auga estableceuse como un imposto de carácter finalista, é dicir, que financiará única e exclusivamente as actuacións en materia de abastecemento, saneamento e explotación de depuradoras de augas residuais e xestión dos nosos ríos.

Segundo se desprende da Memoria dos orzamentos de explotación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, para 2017 están presupostados algo máis de 57 millóns de euros. Respecto dos exercicios anteriores, o Goberno galego ten respondido a este grupo parlamentario que as cantidades recadadas polos 2 tributos dende a súa entrada en vigor foron as seguintes:

2013: 40.741.506 euros
2014: 49.607.849 euros
2015: 49.125.540 euros
2016: 53.647.530 euros

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales foron as cantidades recadadas polo canon da auga dende a súa entrada en vigor?
2. Cales foron as cantidades recadadas polo coeficiente de vertedura dende a súa entrada en vigor?
3. Cales son os motivos polos que se teñen incrementado os ingresos en 17 millóns de euros entre 2013 e a previsión para 2017?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2017 10:16
Nº Rexistro: 18842
Data envio: 17/10/2017 10:16:46.602

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

4. Ten intención o Goberno galego de derrogar o coeficiente de vertedura, tal e como pasa en Andalucía?

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/10/2017 10:15:08

Raúl Fernández Fernández na data 17/10/2017 10:15:14

María Luisa Pierres López na data 17/10/2017 10:15:19

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2017 10:17
Nº Rexistro: 18843
Data envio: 17/10/2017 10:17:04.946

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Dende o ano 2011, téñense coñecido multitude de casos de crueldade e maltrato a cabalos mostrencos en Galicia. En concreto, 153 comunicacións ao respecto, ducias de avisos cidadáns e voz de alarma pública dada por varias asociacións animalistas no trato aos équidos.

Por todo o exposto, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantos casos de maltrato a cabalos mostrencos, con pexas ou outros artefactos, recibiu ou investigou o Goberno galego entre os anos 2014 e 2016, ambos incluídos?
2. Cantas sancións se interpuxeron e cantos casos se derivaron en actuacións penais?
3. Ten previsto o Goberno galego desenvolver algunha medida (tamén lexislativa) para incrementar os niveis de protección do gando equino?

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/10/2017 10:15:33

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2017 11:06
Nº Rexistro: 18848
Data envio: 17/10/2017 11:06:01.664

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, **Paula Vázquez Verao**, **Paula Quinteiro Araujo** e **Luís Villares Naveira,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta escrita.

1.- Ten a Xunta coñecemento dos ataques producidos á cabana gandeira por lobos e osos?

2.- Cantos destes ataques se teñen rexistrado no que vai de ano 2017?

3.- Destes cantos pertencen a ataques de lobo e cantos de oso?

4.- Cantos animais levan falecido por estes ataques?

5.- Cantas solicitudes de axudas foron solicitadas polas persoas titulares das ganderías?

6.- Destas cantas foron aceptadas e cantas denegadas?

7.- A canto ascende o importe total das axudas concedidas para sufragar as perdas polos ataques de lobo e oso?

8.- Cantos ataques se teñen producido a animais que non pertencen á cabana estritamente gandeira, é dicir, a animais de garda do gando (cans), ou animais de compaña e outros como burros, cabalos, etc. ?

9.- Que tipo de axudas se dan para estes casos, de ser o caso?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2017 11:06
Nº Rexistro: 18848
Data envio: 17/10/2017 11:06:01.664

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

10.- Que medidas de prevención ten previsto tomar a Xunta para reducir estes ataques?

11.- Que medidas de control realiza a Xunta para que o oso non se achegue as zonas poboadas?

12.- Como se garante a seguridade das persoas dos pobos visitados polo oso?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Paula Quinteiro Araujo

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 17/10/2017 11:00:19

Paula Vázquez Verao na data 17/10/2017 11:00:30

Paula Quinteiro Araújo na data 17/10/2017 11:00:34

Luis Villares Naveira na data 17/10/2017 11:00:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2017 13:13
Nº Rexistro: 18853
Data envio: 17/10/2017 13:13:31.747

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, **Paula Vázquez Verao**, **Paula Quinteiro Araujo** e **Luís Villares Naveira,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita.**

1.- Que medidas ten previsto tomar a Xunta de Galicia en relación co incendio producido en Vilarello de Donís, en pleno pulmón de Ancares, reserva da Biosfera, o 12 de outubro á noite e que segue activo?

2.- Que medidas de recuperación se van a tomar para recuperar a zona de alto valor ecolóxico en Ancares e noutras zonas de grande valor ecolóxico?

3.- Cre a Xunta que estes incendios están relacionados ca baixa nestes días dos 436 brigadistas dedicados á loita contra incendios do Servicio de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPDCIF)?

4.- Cantas hectáreas en total se levan queimado neste ano 2017 en Galicia?

5.- Cantos efectivos traballaron nos dispositivos dos incendios de Vilarello de Donís (Cervantes), en Ourense que afectaron en Lobios ao Parque Natural do Xurés, Chandrexa de Queixa, Vilar de Barrio, O Carballiño, Vilariño de Conso, Folgoso do Courel (Courel), Chantada e Silleda (A Coruña)?

6.- Cantas hectáreas arderon nestes incendios?

7.- Que medidas se tomaron nestas áreas contra os incendios?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2017 13:13
Nº Rexistro: 18853
Data envio: 17/10/2017 13:13:31.747

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Paula Quinteiro Araujo

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 17/10/2017 13:11:14

Paula Vázquez Verao na data 17/10/2017 13:11:24

Paula Quinteiro Araújo na data 17/10/2017 13:11:29

Luis Villares Naveira na data 17/10/2017 13:11:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2017 17:52
Nº Rexistro: 18881
Data envio: 17/10/2017 17:52:59.592

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira, deputada e deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

A Consellería do Medio Rural declarou recentemente que no dispositivo contra incendios traballan 5.600 efectivos entre brigadas (350), motobombas (220), pas (40), medios aéreos (20) e membros da Unidade Militar de Emerxencias (260). O total está por debaixo dos 5.800 que o Pladiga estima necesarios nas etapas de incendios máis duras, como a que atravesamos nestes momentos.

Pero non se trata só dunha cuestión de número. O gran problema ao que se enfrontan os efectivos que loitan contra o lume é a precariedade e a temporalidade. O soldo medio neto é de 1.200 euros ao mes por xornadas que con demasiada frecuencia superan as oito horas. O Goberno non debería permitir que profesionais que arriscan a súa vida polo noso país traballen en semellantes condicións.

Por iso, Galicia debería contar cun servizo de extinción que fose único é publico, non parcialmente privado e dividido en parcelas. Gañaríase en efectividade e poderíanse garantir condicións laborais dignas.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Cal é a distribución organizativa dos 5.600 efectivos?
- Cantos están adscritos a servizos de extinción privados?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2017 17:52
Nº Rexistro: 18881
Data envio: 17/10/2017 17:52:59.592

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Cal está a ser o seu coste?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 17/10/2017 17:45:28

David Rodríguez Estévez na data 17/10/2017 17:45:36

Luis Villares Naveira na data 17/10/2017 17:45:45

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 09:30
Nº Rexistro: 18926
Data envio: 17/10/2017 19:11:49.724

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A recente aprobación da nova Lei de benestar e protección dos animais de compañía en Galicia (só cos votos do PP) pon en evidencia a necesidade de que o articulado, que presenta prometedoras melloras para garantir os obxectivos da lei, teña unha aplicabilidade real, lonxe de medidas meramente estéticas ou mediáticas.

As asociacións protectoras e os refuxios de animais, os colectivos animalistas, concellos e deputacións reclaman unha verdadeira Estratexia galega contra o abandono, que inclúa accións tendentes á sensibilización e concienciación da cidadanía sobre diferentes aspectos, dende a tenza responsable ata as obrigas sobre convivencia e civismo, sen esquecer a promoción de fórmulas solidarias como a adopción, o apadriñamento ou o asociamento a entidades sen ánimo de lucro que loitan polo benestar de todos os seres vivos non humanos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai desenvolver o Goberno galego un plan de acción para unha Estratexia de sensibilización contra prácticas nocivas cos animais?
2. Vai establecer o Goberno galego medidas técnicas e regulamentarias para reforzar a denuncia da compravenda ilegal, con especial incidencia no peso das TIC?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 09:30
Nº Rexistro: 18926
Data envio: 17/10/2017 19:11:49.724

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

3. Vai convocar o Goberno galego novas liñas de axudas para as Administracións locais e provinciais para desenvolver campañas de prevención do abandono e de impulso da adopción?

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/10/2017 19:08:33

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/10/2017 19:08:40

Raúl Fernández Fernández na data 17/10/2017 19:08:42

María Luisa Pierres López na data 17/10/2017 19:08:50

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 10:12
Nº Rexistro: 18937
Data envio: 18/10/2017 10:12:22.672

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea**,** ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita,** relativa á liberdade de cátedra

Hai apenas uns días que a prensa recollía información sobre unha polémica que acontecera no IES Pino Manso do Porriño a conta dos comentarios dun docente nun debate. Dita información facíase eco de supostas investigacións que estaría a desenvolver a Garda Civil para saber se ditos comentarios puideron "incitar ao odio". Comentarios que se produciron nunha actividade de aula na que se produciu un debate entre o alumando de cuarto da ESO sobre a situación de Cataluña.

Ao noso entender estes feitos inciden nun ataque directo á liberdade de cátedra do persoal docente, un dereito fundamental nun Estado de Dereito, recoñecido e avalado tanto na propia Constitución coma na Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea. Alén de tratarse dunha actuación que contraviría a propia normativa educativa que establece que no caso de que algún docente puidera ter cometido algunha irregularidade quen debe intervir é a Inspección Educativa, e non as forzas de seguridade do Estado.

Dende En Marea entendemos que non se pode consentir que se pretenda fiscalizar deste xeito o traballo dun docente respecto ao seu cometido formando alumnado como cidadanía crítica en actividades como a comentada.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 10:12
Nº Rexistro: 18937
Data envio: 18/10/2017 10:12:22.672

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

1.ª) É coñecedor o Goberno galego de dita investigación?

2.ª) Considera adecuado o Goberno galego que as forzas de seguridade do Estado se inmiscúan en materias que, de ser pertinente, serían responsabilidade da Inspección Educativa?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Ánxeles Cuña Bóveda
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 18/10/2017 09:53:10

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/10/2017 09:53:17

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 12:37
Nº Rexistro: 18955
Data envio: 18/10/2017 12:37:25.079

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Despois do éxito da primeira cita da *Fairway*, celebrada en 2015, os seus organizadores aspiran a referendar o seu papel como punto de encontro dos profesionais que traballan ao redor das rutas dos distintos Camiños de Santiago.

No próximo mes de novembro, do 10 ao 12, de 2017 celebrarase a segunda edición da *Fairway* no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia.

Este evento, quere ser un punto de referencia para todo o sector profesional ao redor do Camiño ou dos camiños, contará cunha importante presenza internacional. Así, e ata o momento, xa confirmaron a súa presenza máis de 30 tour-operadores de 14 países distintos: Colombia, Noruega, Irlanda, Brasil, Uruguai, Portugal, Nova Zelandia, Estados Unidos, Canadá, Arxentina, Reino Unido, Italia, Alemaña e España.

Tamén contará este evento coa representación de sete comunidades autónomas: Asturias, Aragón, Cantabria, Castela-León, Navarra, País Vasco e A Rioxa, onde tamén estarán representados os concellos polos que discorren os distintos camiños.

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Cal é motivo polo que a Xunta de Galicia non participa no *Fairway* (Forum do Camiño de Santiago)?

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2017

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 12:37
Nº Rexistro: 18955
Data envio: 18/10/2017 12:37:25.079

Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/10/2017 12:34:40

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/10/2017 12:34:50

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 13:38
Nº Rexistro: 18968
Data envio: 18/10/2017 13:38:13.899

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao G**rupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis próxima.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que vén menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servicios sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao Goberno de Núñez Feijoo en 2009 o sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a 165 facultativos de Atención Primaria, segundo os datos do propio Goberno. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 13:38
Nº Rexistro: 18968
Data envio: 18/10/2017 13:38:13.899

unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servizos, afastando a atención dos e das cidadáns.

A construción de novos centros de saúde, ou a reforma dalgúns xa existentes, supón outro dos grandes déficits da atención primaria na sanidade pública galega. Os orzamentos de 2016 e 2017, por coller os exemplos máis recentes, coinciden nos compromisos de varios centros de saúde apuntados nun e outro, os mesmos sucesivamente, ignorando ningunha responsabilidade polo anuncio e compromiso de infraestruturas que logo nunca se inician. O Plan de mellora da Atención Primaria, iniciado na lexislatura 2005-2009, supuxo unha base estratéxica que non foi continuada polos gobernos de Núñez Feijóo, que non amosaron un proxecto real para o fortalecemento da atención primaria.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno de Galicia que os problemas existentes na atención primaria en Galicia poden ser asumidos e entendidos como aceptables para unha óptima calidade asistencial?
2. Ten previsto o Goberno de Galicia incrementar o investimento específico en atención primaria a través do Sergas?
3. Considera o Goberno de Galicia que son necesarios máis profesionais en atención primaria?
4. Cantos centros de saúde anunciados nos orzamentos de 2016 e 2017 foron, como mínimo, iniciados ata o momento?
5. Cantos centros de saúde novos ten estimado o Goberno de Galicia que son precisos en curto espazo de tempo?

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 13:38
Nº Rexistro: 18968
Data envio: 18/10/2017 13:38:13.899

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2017 13:31:58

Noela Blanco Rodríguez na data 18/10/2017 13:32:03

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 13:39
Nº Rexistro: 18974
Data envio: 18/10/2017 13:39:46.900

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O pasado mércores día 2 de agosto, o Goberno galego publicou, sen previo coñecemento por parte do eido sanitario, o Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde de Galicia. Esta reforma non foi incluída no programa electoral co que o PP se presentou ás eleccións, nin sequera anunciada por Núñez Feijóo no seu discurso de investidura, nin polo conselleiro de Sanidade en ningunha comparecencia; non foi debatida con ningún grupo político, sindicato, asociacións de pacientes, colectivos profesionais...non existía ningunha información sobre a intención de reforma a lei máis importante do sistema sanitario de Galicia. Non entanto, a reforma inclúe unha serie de modificacións sobre a citada lei de moito calado, e con moita relevancia para o sistema sanitario galego, en termos de participación, de organización do mapa sanitario e os seus recursos, de formación, investigación e outras áreas.

A intención por parte do Goberno de Galicia de iniciar este proceso de reforma da Lei de saúde de Galicia de forma escurantista en pleno mes de agosto, supón de por si un problema grave en canto ás formas. Os 15 días de achegas e participación a través do portal de transparencia quedaron reducidos ás dúas semanas de menor actividade social, profesional e cidadá de todo o ano (a primeira quincena de agosto). O nulo coñecemento previo por parte de asociacións de pacientes, sindicatos, partidos políticos e cidadanía en xeral das intencións de levar adiante este procedemento neste momento evidencian a intención de esconder as propostas coa vontade de ser ocultadas e non debatidas. Debido ás presións e á forte presencia de alegacións, ampliouse o prazo pero apenas ata final do mes estival de agosto. A pesares disto, foron achegadas máis de 1500 alegacións, o que supón un volume extraordinario, comparativamente con outros textos lexislativos sometidos ao mesmo proceso.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

No referido ao fondo da proposta de reforma, resulta sorpresiva a atribucións de funcións á acción directa do Consello da Xunta de Galicia vía decreto. De entrada así se inclúe no caso da participación cidadá, anteriormente canalizada a través dos Consellos de Saúde de Galicia e de Área, cuxa conformación quedaba perfilada na Lei de 2008 e incluía a representantes das administracións locais correspondentes, representantes de traballadores/as, rede social e económica das áreas sanitarias correspondentes, etc. As modificacións propostas no anteproxecto, entre outras cousas, retíranse da lei os conceptos da función de "avaliación" e do "dereito á información" dos Consellos de Saúde, ademais da súa composición por decreto, sendo isto unha obvia determinación de intencións.

A reorganización do mapa sanitario de Galicia é outra das cuestións fundamentais que inclúe o anteproxecto de lei, pois reformula a ordenación actual cara un modelo máis concentrado e que perde atención ás comarcas e áreas sanitarias rurais e semiurbanas. A proposta pretende retirar da lei as delimitacións sobre áreas sanitarias, e as especificacións sobre funcións, características e fundamentos da súa relevancia, creando unha nova división entre áreas, distritos e zonas que, como se apunta na propia proposta de modificación, quedarán a expensas de ser determinadas "por decreto do Consello da Xunta" (modificación dos artigos 67 e 70). Ao fío desta nova delimitación do mapa sanitario, perden a condición de área sanitaria as de O Salnés, Mariña Lucense, Terra de Lemos e Valdeorras. A perda da condición de área sanitaria nas zonas referidas anteriormente afondaría na rebaixa de servizos, na dependencia do persoal dos grandes hospitais, e na constatación dura e imposta dun modelo de hospitais de segunda que se converterían en grandes ambulatorios, mais que non terían a capacidade sanitaria que precisan.

A gravidade das propostas de modificación en participación e definición do mapa sanitario, así como noutras áreas como inspección ou investigación, fai necesario abrir un debate profundo na busca do acordo sobre as modificacións deste nivel sobre unha lei de tal relevancia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 13:39
Nº Rexistro: 18974
Data envio: 18/10/2017 13:39:46.900

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia ter en consideración a oposición manifestada da cidadanía, sindicatos, partidos políticos, asociacións de pacientes, colectivos profesionais que solicitaron a retirada do Anteproxecto de lei de reforma da Lei de saúde?

2. Considera a Xunta de Galicia que o Anteproxecto de lei de reforma da Lei de Saúde está suficientemente debatido e consensuado cos colectivos como para ser sometido á debate e aprobación?

3. Non considera oportuno e necesario a Xunta de Galicia que se creasen mesas de traballo sobre as posibles reformas legais do sistema sanitario galego, nas que participasen colectivos de pacientes, profesionais, representantes sindicais e políticos plurais, expertos en sistemas sanitarios e a propia Administración autonómica?

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2017 13:35:37

Noela Blanco Rodríguez na data 18/10/2017 13:35:42

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 13:58
Nº Rexistro: 18982
Data envio: 18/10/2017 13:58:58.376

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A sanidade galega ten un problema de persoal. A calidade dos e das profesionais está altamente contrastada, tanto polo bo exercicio das súas funcións como polo alto nivel formativo nas titulacións destinadas a elo. Non entanto, a xestión da política de recursos humanos tanto respecto dos/as profesionais xa inseridos no sistema, como da captación dos que están fóra, é manifestamente mellorable.

A sanidade galega é a terceira peor valorada pola cidadanía de entre todos os sistemas autonómicos de España. Un dos problemas máis sinalados son as esperas, que no caso dos datos oficiais xa amosa retrasos inaceptables. Isto provoca un problema de xestión eficiente no eido da atención hospitalaria, por dúas cuestións fundamentais. En primeiro lugar pola espera en si á que é sometido o doente, que supón a demora na atención de problemas de saúde que acompañan ás persoas demasiado tempo cando poderían ser solucionados con anterioridade de haber recursos para elo. Isto é unha mostra de perda de calidade asistencial. En segundo lugar, porque a acumulación de retrasos resulta, sistematicamente, nunha derivación de doentes cara a sanidade privada, en cumprimento dunha lei de dereitos e garantías sanitarias que naceu non para resolver este problema, senón para xustificar esta solución. Estas derivacións son cartos destinados, de maneira directa, da sanidade pública cara a privada para solucionar problemas que poderían ser solucionados no eido público. No ano 2015 a contía pagada por este servizo á sanidade privada se elevada ata os 208 millóns de euros, segundo informes do Consello de Contas.

No terreo da atención primaria, a calidade asistencial é sempre mellor recoñecida pola cidadanía. A pesares disto, recentemente comeza a percibirse a acumulación de esperas, en ocasións de varios días, para a atención polo facultativo de referencia no centro de saúde.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 13:58
Nº Rexistro: 18982
Data envio: 18/10/2017 13:58:58.376

Os problemas de saturación durante os picos asistenciais previsibles, como a chegada da gripe no inverno, ou por déficit recoñecido de persoal debido ás vacacións do persoal estatutario en verán, agranda o problema das demoras e acumulación de traballo e, por tanto, retrasos no sistema público.

A continuidade nas taxas de reposición limitadas ou nulas para a contratación no sistema público, adelgazou o volume de persoal no sistema sanitario. As cifras aportadas polos sindicatos falan de ata 7000 prazas de persoa presupostadas que non están cubertas. A solución actual do Goberno da Xunta de Galicia pasa pola contratación en condicións de temporalidade, eventualidade e máxima inestabilidade a persoal que cubra puntualmente as necesidades extremas. Esta solución non pode nin debe ser estrutural. Non entanto, o Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea emitiu unha sentencia pola que considera que a concatenación sistemática de contratos temporais no sistema sanitario público en España é contraria ao dereito comunitario. Existe xurisprudencia en Galicia xa que recoñece que se cobren de maneira eventual postos de traballo que son estruturais.

No que toca ao persoal xa inserido no sistema de saúde, cabe lembrar que os representantes dos/das traballadoras veñen demandando do Goberno da Xunta de Galicia a apertura de mesas de diálogo para retomar as conversas destinadas a incorporar ao sistema de recursos humanos a carreira profesional e os acordos retributivos, paralizados dende o ano 2010 coa chegada de Núñez Feijóo á Presidencia da Xunta de Galicia. Estes acordos, asinados en 2008, pretendían igualar aos/ás profesionais galegas á media salarial e de dereitos do conxunto de España. Paralizados dende 2010, a súa situación é de infravaloración e de moi baixo recoñecemento de dereitos e capacidades profesionais, especialmente na comparación co resto do Estado.

Ante unha situación desta excepcionalidade, tanto na eficiencia do gasto como na calidade da atención sanitaria, existen alternativas que pasan fundamentalmente pola incorporación de máis persoal ao sistema e a recuperación do diálogo para a mellora das condicións dos e das profesionais existentes. O Grupo Parlamentario Socialista presentou ao

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 13:58
Nº Rexistro: 18982
Data envio: 18/10/2017 13:58:58.376

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Parlamento de Galicia unha proposición non de lei, no Pleno do 21 e 22 de marzo de 2017, que obtivo a aprobación por unanimidade da Cámara dalgúns dos puntos que, especificamente, instaban á Xunta de Galicia a solicitar a eliminación das taxas de reposición para os sistemas autonómicos de saúde, e a convocar unha Oferta Pública de Emprego de 1600 prazas no ano 2017. Non houbo maior actividade ao respecto por parte do Goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galicia que é aceptable a situación do persoal sanitario do Sergas en termos de cantidade e calidade do seu traballo?

2. Ten previsto a Xunta de Galicia convocar a OPE de Sanidade de 2017 nos termos que foi aprobada a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento de Galicia?

3. Considera a Xunta de Galicia necesario atender ás demandas dos e das representantes dos e das traballadoras de retomar os acordos retributivos paralizados en 2010?

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2017 13:57:19

Noela Blanco Rodríguez na data 18/10/2017 13:57:24

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18985
Data envio: 18/10/2017 14:01:35.174

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No ano 2011, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da entón Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas iniciara e contratara o procedemento para o desenvolvemento do Plan de xestión do lobo. Porque ocorre que esta alimaña esta a causar grandes danos no gando e a Xunta de Galicia ten o deber de indemnizalos, por iso este grupo parlamentario leva anos preguntando polo imprescindible Plan de xestión do lobo. A última resposta do Goberno galego (de abril de 2016) foi que en Galicia hai máis de 90 mandas reprodutoras de lobos. Dende entón, nada di o Goberno galego sobre a continuación do Plan de xestión e nada se ten presupostado para o seu desenvolvemento.

O lobo está a causar estragos na cabana gandeira, especialmente o ano pasado e tamén este ano, máis ca en anos anteriores. Segundo a propia Administración autonómica, descoñécese se é que na zona se teñen asentado novos grupos desprazados doutros territorios ou atraídos pola presenza dunha gran cabana de gando, ou se se trata de exemplares máis voraces ou experimentados que en anos anteriores.

Tanto é así, que ata hai gandeiros e gandeiras que teñen permiso oficial para facer agardas nocturnas o lobo, aínda que se trate dun procedemento realmente pouco habitual e extraordinario, por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cantos expedientes se abriron por parte da Xunta de Galicia, en relación cos danos causados polo lobo nos anos 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017, en cada unha das provincias de Galicia, especificados por concellos?

2ª) Cantos expedientes foron resoltos pola Xunta de Galicia por danos causados polo lobo nos anos 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017, en cada unha das provincias de Galicia, especificados por concellos?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18985
Data envio: 18/10/2017 14:01:35.174

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

3ª) Cantos expedientes non foron resoltos pola Xunta de Galicia por danos causados polo lobo nos anos 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017, en cada unha das provincias de Galicia, especificados por concellos?

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/10/2017 13:56:57

José Antonio Quiroga Díaz na data 18/10/2017 13:57:06

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18987
Data envio: 18/10/2017 14:11:24.584

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta escrita**, sobre as listaxes de espera nos graos de Formación Profesional.

A Formación Profesional é, polo menos en teoría, unha das grandes apostas do Partido Popular en materia educativa. Tanto no que atinxe á lei educativa no Estado, a LOMCE, como para a Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia que reiterou, en múltiples ocasións, a necesidade de fornecer este tipo de formación.

O constante incremento do paro xuvenil, situado xa no 26,5%, que no caso da mocidade entre 16 e 24 anos ascende ao 36,6%, así como a elevada taxa de abandono escolar temperá, fixo que moitos mozos e mozas volveran a buscar na FP unha alternativa de futuro.

Segundo os propios datos da Consellería a demanda de Formación Profesional non fixo máis que medrar dende o inicio da crise, así, entre 2009 e 2016 produciuse un incremento de case un 50% na matrícula. Sen embargo, non están todos os que son, xa que o estudantado atópase con que non hai prazas suficientes. Así pasa, por exemplo, en titulacións con moita demanda como as de hostalería que no único centro integrado de Formación Profesional pública da área de Vigo, Manuel Antonio, deixou fóra a máis de cincocentos solicitantes.

É só un exemplo, xa que nos últimos anos, tanto sindicatos como ANPAS, veñen denunciando recortes de profesorado acompañados de listaxes de espera excesivas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18987
Data envio: 18/10/2017 14:11:24.584

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1.ª) Cantos alumnos e alumnas quedaron, no presente curso 2017-2018, sen unha praza nos graos medios de Formación Profesional?

2.ª) E nos graos superiores?

3.ª) En que titulacións?

4.ª) En que localidades?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 18/10/2017 13:32:06

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/10/2017 13:32:14

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 16:55
Nº Rexistro: 18994
Data envio: 18/10/2017 16:55:13.844

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Gas Natural pretende desmantelar a instalación de almacenamento de GLP que da servizo á urbanización A Barcala, no concello de Cambre, para substituíla por gas cidade. Unha pretensión que se realiza sen informar aos veciños e veciñas afectados/as. Por outra banda, esta empresa desenvolveu unha campaña moi agresiva entre os veciños e veciñas para "obrigalos" a cambiar o propano polo gas cidade, ofrecendo o cambio de caldeiras de forma gratuíta e incluso chegando a ameazalos con deixar sen servizo se non cambiaban para gas cidade.

Diante disto, constituíuse unha plataforma de afectados/as que levaron adiante unha campaña de recollida de sinaturas para opoñerse á pretensión de Gas Natural, e organizou unha manifestación neste sentido o pasado 19 de setembro.

Por todo o dito formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Cal é a posición da Xunta a respecto da pretensión de Gas Natural que afecta aos veciños e veciñas da urbanización A Barcala (Cambre)?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 16:55
Nº Rexistro: 18994
Data envio: 18/10/2017 16:55:13.844

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas de apoio vai adoptar a Xunta de Galicia con respecto aos veciños e veciñas afectadas?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/10/2017 16:54:10

María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2017 16:54:19

Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2017 16:54:21

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2017 16:54:22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 16:55
Nº Rexistro: 18994
Data envio: 18/10/2017 16:55:13.844

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2017 16:54:24

Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2017 16:54:26

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 17:33
Nº Rexistro: 19015
Data envio: 18/10/2017 17:33:31.437

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e **María Dolores Toja Suárez**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **por escrito**.

As rías galegas supón un dos bens naturais máis relevantes que ten a nosa Comunidade Autónoma e supón, ademais, unha fonte de riqueza non so de carácter medioambiental senón tamén económica por ser un recurso dada a súa produtividade en termos marisqueiros. Froito disto, existe unha gran preocupación sobre o estado do saneamento das rías galegas, pois os problemas asociados á contaminación e o mal estado das augas e os fondos das rías deriva en perdas económicas relevantes por problemas de extracción e redución tanto de tamaño dos produtos como da súa cantidade.

A Unión Europea advertiu en diversas ocasións dos problemas de saneamento das rías galegas e a súa repercusión sobre a actividade extractiva. Froito destas advertencias, e das visitas de delegados/as do organismo europeo, xa en 2013 produciuse un informe de amoestación, con avisos de sancións sobre os futuribles Fondos Feder, entre outras cuestións, e España foi sancionada polo estado das rías galegas.

O sector marisqueiro vén manifestando continuamente o seu rexeitamento ao desleixo da Xunta de Galicia na acción de atención ás rías, en liña co sinalado pola UE, así como a aposta pola especial protección das zonas en que se cultivan bivalvos, instando á Xunta de Galicia a negociar a implantación destas medidas en cooperación coas institucións europeas.

En contra disto, o sector comproba con tristeza como existen promesas continuamente incumpridas sobre medidas de saneamento. O sector marisqueiro segue véndose obrigado a parar a súa actividade en numerosas ocasións durante o ano, froito dos problemas xerados por esta contaminación, ou a reducir substancialmente os períodos de libre marisqueo. Como se pode comprobar en datos ofrecidos polo propio

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 17:33
Nº Rexistro: 19015
Data envio: 18/10/2017 17:33:31.437

sector, existe un descenso de produtividade na recollida por especies, dende 2010 a 2016, época na que se perdeu máis da metade da produción en produtos como a vieira ou a volandeira ou o berberecho, e tamén de relevancia na ameixa. Como consecuencia os permisos marisqueiros se reducen notoriamente (en torno ao 40 % deles se perderon dende a chegada ao Goberno de Núñez Feijóo) Existen numerosas queixas e reivindicacións colectivas sobre a necesidade de rexenerar zonas destinadas a marisqueo, que outrora foron localizacións tremendamente produtivas e agora amosan rendementos moi baixos comparativamente.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno de Galicia do efecto que sobre a produción marisqueira ten o estado de saneamento das rías?

2. Que xestións fixo, está a facer e prevé facer a Xunta de Galicia perante a UE para destacar de maneira especial as zonas de cultivo e extracción de bivalvos, conseguindo para elas un tratamento distinguido que redunde en mellora das condicións e da protección do sector en caso de dificultades para o traballo?

3. Que causas considera a Xunta de Galicia que explican a redución de produción marisqueira nas rías galegas?

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Dolores Toja Suárez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 17:33
Nº Rexistro: 19015
Data envio: 18/10/2017 17:33:31.437

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2017 17:31:40

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/10/2017 17:31:45

María Dolores Toja Suárez na data 18/10/2017 17:31:49

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 17:40
Nº Rexistro: 19019
Data envio: 18/10/2017 17:40:02.611

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Atendendo as advertencias de entidades como a Organización Mundial da Saúde, IRPA (International Radiation Protection Association) ou a propia Comunidade Europea na súa directiva de 21 de Febrero de 1990 (EURATOM, 1990), a inhalación de gas radón constitúe un risco para a saúde ao aumentar o risco de contraer cancro pulmonar, situándose como segunda causa de contracción desta enfermidade detrás do tabaco.

Estas últimas décadas recolléronse, na normativa de salubridade de distintos países, as sucesivas recomendacións emanadas de investigacións sobre os efectos na saúde que supón respirar en espazos pechados con presencia de gas radón.

Nese senso, o sector da edificación debe formular sistemas de protección que garantan que, a inmisión do gas ao interior dos espazos habitados non supere os límites de concentración recomendados.

O Instituto de Ciencias da Construción Eduardo Torroja, a instancias do Consello de Seguridade Nuclear, desenrolou investigacións para sentar as bases normativas destinadas a protexer ás persoas usuarias de edificios de concentracións excesivas de gas radón.

O denominador común destas normativas é a asignación de niveis límite de concentración de radón (Comisión de Comunidades Europeas, EURATOM, 1990)< 200 Bq/m³ para vivendas de nova construción e < 400 Bq/m³ para vivendas construídas, así como a intervención con solucións construtivas que reduzan ditas concentracións por debaixo dos límites seguros. En xeral contemplan ámbitos de aplicación ben

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 17:40
Nº Rexistro: 19019
Data envio: 18/10/2017 17:40:02.611

relacionados coas condicións que deben cumprir os espazos destinados a postos de traballo ou ben espazos residenciais.

En Galicia, unhas 42 (das 53) comarcas galegas presentan un risco alto de concentración de radón. Son as provincias de Pontevedra e Ourense as máis expostas de toda España, con cifras do 21 % e 32 % respectivamente de vivendas que sobrepasan os 200 Bequerelios máximos recomendados.

Coñecendo polo tanto a singularidade xeolóxica de Galicia, as deputadas e os deputados que asinan, preocupadas e preocupados pola incidencia que na saúde dos galegos e galegas, tanto nas edificacións residenciais como lugares de traballo, poida ter esta especial presencia de gas radón na nosa Comunidade Autónoma, formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Coñece o Goberno galego os niveis de emanación de gas radón nas edificacións que ocupa o persoal da administración da Xunta de Galicia así como dos organismos dependentes?
2. Ten feito nos últimos anos algún tipo de medición nas edificacións propias para coñecer os niveis de concentración de gas radón?
3. No caso de tela medido, cales foron eses edificios e que niveis de concentración arroxaron?
4. Foi preciso realizar algún tipo de obra de mellora nalgunha desta edificacións e de cara a rebaixar os niveis de concentración de gas radón detectados?
5. Cal foi a partida orzamentaria destinada a tal fin?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 17:40
Nº Rexistro: 19019
Data envio: 18/10/2017 17:40:02.611

6. Ten pensado levar a cabo novos controis nas novas edificacións propias da Xunta de Galicia, así como as recentemente ocupadas en alugueiro, e de cara a preservar as condicións dunha habitabilidade saudable para os seus traballadores e traballadoras?

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 18/10/2017 17:36:40

Raúl Fernández Fernández na data 18/10/2017 17:36:45

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/10/2017 17:36:52

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2017 17:36:56

Noela Blanco Rodríguez na data 18/10/2017 17:37:01

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 18:02
Nº Rexistro: 19030
Data envio: 18/10/2017 18:02:29.589

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Trala vaga de lumes, como a vivida o 15 de outubro na Comunidade galega, a parte do efecto inmediato na vida vexetal, existen outras consecuencias directas que afecta ao mar. A choiva arrastra gran cantidade de cinzas e outros residuos, ladeira abaixo ata chegar a un río e ao mar. A partir de aí, os materiais contaminados con substancias potencialmente perigosas chegan a ecosistemas produtivos. como o marisco e, especialmente, os moluscos (mexillóns, berberechos, recoiro, entre outros), peixes e outros. No caso do marisco e en concreto dos moluscos, de grande importancia para a economía galega, a contaminación prodúcese por filtración, xa que reteñen gran cantidade de materia orgánica.

A pesar dos riscos potenciais, e para evitar que as substancias tóxicas cheguen ao mar e teñan efectos negativos no ecosistema mariño, é necesario establecer medias preventivas á máxima urxencia.

No Decreto 438/2003, do 13 de novembro, polo que se aprobaba o Plan básico de continxencias por contaminación mariña para a defensa dos recursos pesqueiros, marisqueiros, paisaxísticos, acuícolas e ambientais de Galicia, establécese o seguinte:

No artigo 21º.- Resposta operativa á vertidos terra-mar, establécese que ante unha vertedura ou incidente que teña a súa orixe en terra e sexa susceptible de producir contaminación mariña no mar, poñerase en marcha unha serie de protocolos de actuación que dean resposta operativa á activación dos medios humanos e técnicos de loita contra a contaminación.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 18:02
Nº Rexistro: 19030
Data envio: 18/10/2017 18:02:29.589

No artigo 22º recóllese a resposta operativa aos vertidos mar-terra.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que se debe activar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia (Plan Camgal) que establece as normas e procedementos básicos de actuación, a estrutura de organización e ou sistema de resposta fronte a un episodio de contaminación mariña accidental que se produza ou afecte ao litoral galego.

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que medidas vai tomar o Goberno galego para evitar a contaminación do mar, como consecuencia dos incendios ocorridos a mediados de outubro no litoral galego?

2ª) Vai activar o Goberno galego o Plan Camgal, se for o caso, cando, e en que zonas?

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 18/10/2017 17:55:10

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2017 17:55:22

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 09:30
Nº Rexistro: 19034
Data envio: 18/10/2017 18:32:22.147

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos Socialistas de Galicia

O Fondo de Continxencia é unha partida que se pode dotar nos Orzamentos da Administración co fin de atender gastos imprevistos e non discrecionais.

A Xunta de Galicia dota todos os anos nos seus orzamentos unha partida para este concepto que non é empregada para a finalidade que ten. Así o Consello de Contas, ano tras ano, pon de manifesto nos informes de fiscalización da Conta Xeral da Administración que a Xunta de Galicia "*Emprega esta partida como unha ferramenta de cobertura de gastos (principalmente gasto corrente) que son obxecto dunha deficiente orzamentación, por escasamente realista, e que son reiteradamente orzados á baixa para dotalos do crédito necesario ao longo do exercicio, ás veces incluso baseándose nas estimacións e non nas necesidades xurdidas*"

Unha vez máis podemos constatar a falta de rigor orzamentario, así como a falta de transparencia na xestión da Xunta de Galicia, ocultando as necesidades orzamentarias en determinadas partidas que serán incrementadas durante o exercicio con partidas ponte.

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre as conclusións sinaladas nos informes do Consello de contas, ano tras ano, respecto da mala orzamentación, así como sobre o uso do fondo de continxencia como ferramenta para a cobertura de gastos?

2ª) Vai a Xunta de Galicia corrixir estas deficiencias nos Orzamentos para o ano 2018?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 09:30
Nº Rexistro: 19034
Data envio: 18/10/2017 18:32:22.147

Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/10/2017 18:30:25

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/10/2017 18:30:32

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 09:30
Nº Rexistro: 19037
Data envio: 18/10/2017 18:38:51.696

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos Socialistas de Galicia

O 7 de outubro de 2016, a empresa MEDANCLI SL, co CIF B 15947088 e domicilio social en Culleredo, solicitou licenza para a construción dunha nave industrial para uso de central térmica por combustión de biomasa e para unha rede soterrada de canalización de auga quente, no Concello de Melide.

En marzo de 2017, antes da concesión da licenza, a empresa comezou a execución das obras.

O 29 de marzo de 2017 un particular presentou unha denuncia, e un mes despois a alcaldía de Melide, mediante resolución da alcaldía, ordena a paralización da obra así como a reposición da legalidade.

O 6 de abril de 2017, á vista da dita resolución, a empresa presenta un proxecto modificado con cambio de localización (referencia catastral 15047A053001000000GX, parcela 100 do polígono 53). Finca rústica que dista 6 m. da parcela onde se sitúa o CEIP a Martagona, e 82 m. da Escola Infantil Municipal, orixinando unha forte oposición veciñal plasmada en máis de 700 sinaturas entregadas no Rexistro Xeral do Concello de Melide.

O 2 de xuño, MEDANCLI SL presentou solicitude de licenza de obras de reposición da legalidade na parcela 100 do polígono 53, así como a renuncia á solicitude de licenza presentada o 06.04.2017 para a construción da planta de combustión de biomasa nesa parcela.

O 7 de xuño, o Concello de Melide arquiva o expediente incoado pola presentación da solicitude de licenza para a parcela 100 do polígono 53, por desistencia da empresa solicitante, dando por concluído o procedemento e, polo tanto, arquivando as alegacións e as denuncias presentadas contra del.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 09:30
Nº Rexistro: 19037
Data envio: 18/10/2017 18:38:51.696

O 7 de xuño, MEDANCLI SL presenta solicitude de licenza para *edificación para una nave para aloxar caldeiras de combustión de biomasa e rede de canalización soterrada de auga quente*, na parcela 148 do polígono 53 do Concello de Melide, a 185 m do CEIP A Martagona e a 312 m da Escola Infantil Municipal.

O 8 de xuño, tendo coñecemento de que no Pleno municipal dese día o grupo do PSOE ía facer un rogo ao respecto, varias veciñas e veciños achéganse para asistir o Pleno. A alcaldesa non quere debater ese punto e conclúe a sesión. Unha vez rematada, as persoas asistentes achéganse á alcaldesa solicitando información, pero négase a falar e marcha para o seu despacho.

O 20 de xuño de 2017, a Xunta de Goberno Local, segundo consta na acta da sesión ordinaria, o Concello de Melide outorga licenza municipal á empresa Medancli Servicios Energéticos, con CIF B-15947088 para a construción dunha rede de calor composta dunha nave para sala de caldeiras e colocación de tubaxe nas rúas de Melide, comezando as obras o día 26 de xuño.

A dita empresa ten concedida unha subvención dun millón de euros (1.000.000 €) do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) sobre a base da disposición publicada no DOG do 8 de setembro de 2016: "Resolución do 11 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de redes de distribución de enerxía térmica con equipamentos de xeración con biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020." e aprobada mediante a Resolución do 14 de decembro de 2016, pola que se conceden subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos de redes de distribución de enerxía térmica con equipamentos de xeración de biomasa, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020, e incluídos na convocatoria efectuada mediante Resolución do 11 de agosto de 2016 (DOG número 171, do 8 de setembro).

O 2 de agosto de 2017, a empresa renunciou á dita axuda do Inega, tendo que devolver 500.000 € que xa tiña percibido en concepto de anticipo.

O Inega procedeu ao arquivo do correspondente expediente e ditou resolución de aceptación de renuncia.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 09:30
Nº Rexistro: 19037
Data envio: 18/10/2017 18:38:51.696

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á vista destes datos, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a actuación feita polo Inega na concesión da axuda dun millón de euros, anticipando 500.000 €?

2ª) Vai o Goberno galego facer unha investigación sobre os feitos ocorridos, por se fosen obxecto dalgunha irregularidade?

3ª) Cales son as razóns para que un organismo que manexa fondos públicos, como o Inega, poida conceder unha axuda a un proxecto que xa desde o seu inicio presenta un bo número de irregularidades, e que non ten en si mesmo viabilidade?

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/10/2017 18:34:39

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/10/2017 18:34:47

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 12:09
Nº Rexistro: 19050
Data envio: 19/10/2017 12:09:53.226

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta escrita,** relativa ás axudas para o inicio de estudos universitarios no curso académico 2017/18 nas universidades do sistema universitario de Galicia.

O pasado 5 de outubro publicouse no DOG a ORDE do 19 de setembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas para o inicio de estudos universitarios no curso académico 2017/18 nas universidades do Sistema universitario de Galicia. Trátase dunha convocatoria destinada, segundo o propio texto, a tratar de "cubrir, na medida do posible, as necesidades do alumnado universitario, liñas que, en prol da súa eficacia e eficiencia, deben adaptarse ás cambiantes circunstancias do contorno socioeconómico actual e ás variacións normativas producidas no ámbito estatal". Unha referencia clara á modificación do sistema de becas producido no marco do Ministerio de Educación que implicou o cambio de concepción das becas como un mecanismo para combater a desigualdade para pasar a ser un premio polo que competir. O trunfo do xiro neoliberal nas políticas educativas.

Neste contexto a Xunta de Galicia establece unha partida de 200.000€ para cubrir as matrículas do alumnado que non sexa quen de acadar os requisitos académicos de acceso establecidos na convocatoria do Estado.
Axudas que entendemos insuficientes toda vez que só se ocupan de cubrir o prezo de matrícula pero deixa á súa sorte todos os custos da vida universitaria do estudantado.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 12:09
Nº Rexistro: 19050
Data envio: 19/10/2017 12:09:53.226

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por outra banda, a convocatoria establece un prazo para resolver as solicitudes de cinco meses que comezarán a contar desde o día seguinte ao da data de remate do prazo de presentación de solicitude. É dicir, que as axudas para a matrícula universitaria poden resolverse ata abril, apenas un mes antes do remate do curso.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.ª) Cantas persoas viron denegada a solicitude de bolsas nas convocatorias previas?
2.ª) Cales foron os motivos máis habituais para dita negación?
3.ª) Considera suficiente o Goberno galego a dotación orzamentaria destas bolsas?
4.ª) Como pensa o Goberno galego que os estudantes e as estudantes se poden manter mentres realizan os seus estudos?
5.ª) Considera adecuado o Goberno galego o prazo de resolución?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Ánxeles Cuña Bóveda
Deputadas do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 12:09
Nº Rexistro: 19050
Data envio: 19/10/2017 12:09:53.226

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 19/10/2017 11:53:13

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 19/10/2017 11:53:20

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 12:35
Nº Rexistro: 19056
Data envio: 19/10/2017 12:35:33.258

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre as consecuencias dos incendios no patrimonio cultural.

Os incendios non son só unha ameaza para a natureza senón tamén para o patrimonio cultural, moito del localizado no monte ou nas proximidades deste como acontece con mámoas e petróglifos, entre outros.

No mes de outubro Galiza estivo fortemente atinxida por máis unha vaga de incendios que se ben tivo o seu peor momento na madrugada do domingo día 15, xa se tiña iniciado con anterioridade.

Extinguidos os incendios xa coñecemos que nalgúns casos os lumes atinxiron o noso patrimonio cultural, alén da propia paisaxe, por exemplo un castro situado no Val de Lemos, segundo informou a xerente do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, Alexandra Seara.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Cal é a valoración que fai o Goberno galego da catástrofe provocada polos incendios desde o punto de vista patrimonial?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 12:35
Nº Rexistro: 19056
Data envio: 19/10/2017 12:35:33.258

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Desenvolveu ou pensa desenvolver a Consellaría un proceso de inventariado arredor dos bens patrimoniais que se viron afectados polas lapas e/ou polos traballos de extinción durante os incendios?

- De ser así, en que momento se atopa esta actuación?

- Que medidas, alén da identificación e descrición dos prexuízos que se puidesen ter ocasionado, pensa adoptar a Xunta?

- Ten previsto destinar unha partida específica, nos orzamentos actuais da Xunta e nas contas para 2018, dirixidas á recuperación destes bens?

- Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza para evitar que futuros lumes poidan afectar ou danar bens patrimoniais?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Pontón Mondelo

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 12:35
Nº Rexistro: 19056
Data envio: 19/10/2017 12:35:33.258

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2017 12:34:21

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2017 12:34:25

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2017 12:34:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2017 12:34:28

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2017 12:34:29

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2017 12:34:31

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:01
Nº Rexistro: 19071
Data envio: 19/10/2017 13:01:04.368

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á afección da vaga de lumes de outubro de 2017 sobre o sector turístico galego.

Nos días finais da primeira quincena do mes de outubro de 2017 Galiza sufriu o impacto da máis importante vaga de lumes da última década. As primeiras estimacións oficiais comunicadas pola Xunta de Galiza o pasado día 18 de outubro indicaban arredor de 35.500 hectáreas de superficie afectada ás que haberá que engadir as 12.600 ha que segundo os datos de Medio Rural tiñan ardido até esta nova traxedia. Sen dúbida, as consecuencias destes acontecementos veranse no noso país en múltiples aspectos, tamén en moitos ámbitos da nosa economía sobre os que cómpre estar vixiante e anticiparse. Entre eles, cómpre ter en conta o do turismo.

Cómpre recordar que segundo os datos feitos públicos pola Xunta de Galiza a finais do mes de setembro, ten aumentado o número de turistas nos oito primeiros meses de 2017, ata acadar 3,6 millóns de visitantes que se aloxaron no noso país. Así mesmo, o 29 de setembro de 2017 coñeciamos os datos do Instituto Nacional de Estatísticas a respecto do mes de agosto no que atinxe ás Enquisas de ocupación en aloxamentos turísticos extrahoteleiros, que permite facer unha diagnose do peso que teñen este tipo de ofertas, como albergues ou casas rurais, por exemplo, na variedade do turismo galego. Neste sentido, podemos observar o importante peso do turismo procedente do

59846

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:01
Nº Rexistro: 19071
Data envio: 19/10/2017 13:01:04.368

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estado español. Mediante esta enquisa, podemos ver como a respecto de agosto de 2017 amósase que do total de 27.439 viaxeiros e viaxeiras con pernocta en total, 22.260 serían residentes no Estado español e das 119.088 pernoctas totais, 103.679 pertencerían tamén a residentes.

Uns acontecementos como os que viviu o noso país arredor do 15 e 16 de setembro sen dúbida pode ter un importante impacto no turismo. Dunha banda, na afección ás propias infraestruturas, que requiren de investimento e de tempo para a súa recuperación. Doutra banda, na afección ao noso medio natural, importante atractivo para as e os visitantes e para o desenvolvemento de opcións de turismo relacionadas coa interacción con este. Unha perda que en moitos casos podemos cualificar de irrecuperábel. Finalmente, a importancia destes lumes e o impacto do seu coñecemento poden ser un elemento desincentivador á hora de que as e os visitantes decidan manter a súa visita ao noso país ou ben avalíen ou non considerarnos unha opción.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Que actuacións específicas levou ou vai levar a cabo o goberno galego diante do impacto que a vaga de lumes de setembro pode ter no sector turístico galego?

-Ten elaborado ou vai elaborar algún tipo de estudo demoscópico ao respecto?

-Ten elaborado ou vai elaborar a Xunta de Galiza algún estudo específico para avaliar se está a ter ou non un impacto negativo a vaga de lumes na capacidade de atracción do turismo do Estado español?

-Deseñou ou vai deseñar algunha actuación informativa para evitar un impacto negativo? En que consiste?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:01
Nº Rexistro: 19071
Data envio: 19/10/2017 13:01:04.368

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten avaliado o potencial impacto por provincias? Con que conclusións?

-Tense dirixido ás organizacións profesionais dos estabelecementos de turismo a Xunta de Galiza para tratar esta cuestión? En que termos?

-Tense dirixido ao goberno central a Xunta de Galiza para tratar esta cuestión? En que termos?

-Modificou ou vai modificar a estruturación informativa e promotora do turismo galego após esta situación? En que termos?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2017 12:59:31

59848

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:01
Nº Rexistro: 19071
Data envio: 19/10/2017 13:01:04.368

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2017 12:59:35

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2017 12:59:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2017 12:59:38

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2017 12:59:39

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2017 12:59:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:54
Nº Rexistro: 19089
Data envio: 19/10/2017 13:54:48.931

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

No ano 2009, coa entrada do Partido Popular, abandonouse o Plan de Mellora da Atención Primaria, decenas de centros de saúde prometidos ficaron esquecidos. Sen embargo, o Goberno mantivo a promesa de construción sobre algúns deles.

No caso do Centro de Saúde de Ribadavia, na provincia de Ourense, chegáronse a facer xestións tanto por parte do Goberno local como da Xunta de Galicia. O certo é que a día de hoxe o centro de saúde segue sen facerse e as diferentes Administracións bótanse a culpa sen atopar ningún tipo de solución.

Esta situación provoca que o centro de saúde actual siga deteriorándose e con elo o dereito á atención sanitaria das veciñas e veciños da zona, por iso é necesario dar unha solución urxente ás deficiencias de centro, como por exemplo:

- Establecer a atención sanitaria urxente de pediatría aos nenos e nenas dos municipios da comarca do Ribeiro no Punto de Atención Continuada (PAC) de Ribadavia.
- Mellora do servizo de ambulancia de urxencia, xa que na actualidade só existe unha única ambulancia de garda, dándose situacións nas que ten que vir a unha intervención a Ribadavia ou a o Ribeiro unha ambulancia desde Ourense, por atoparse a nosa ocupada en servizo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:54
Nº Rexistro: 19089
Data envio: 19/10/2017 13:54:48.931

- Mellora dos accesos peonís, salvando as barreiras arquitectónicas, que impiden ou dificultan o acceso ao centro de saúde desde a rúa da Veronza, e mellorando a de acceso dende a Rúa do Carballiño.
- Mellora do acceso de vehículos, retirando valados e aumentando a entrada nos accesos desde a rúa do Carballiño. Crear un acceso/ saída do aparcadoiro desde a rúa Veronza.
- Mellora de mantemento do edificio actual que alberga o Centro de Saúde de Ribadavia, mentres non se execute o novo centro. Exterior e interior, así como as instalacións en xeral.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

- Cal é o motivo de que a Xunta de Galicia non teña atopado ningún tipo de solución ás deficiencias sanitarias de Ribadavia e a súa contorna?
- Ten pensado o Goberno incluír e executar unha partida orzamentaria suficiente para solucionar ditas deficiencias?
- En que prazo ten pensado solucionalas?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:54
Nº Rexistro: 19089
Data envio: 19/10/2017 13:54:48.931

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Eva Solla Fernández na data 19/10/2017 13:53:22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 19117
Data envio: 19/10/2017 16:21:13.076

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e **Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O síndrome de Behçet está catalogado como enfermidade rara. Trátase dunha enfermidade autoinmune. Resumidamente defínese como unha vasculite multisistémica crónica que produce inflamación dos vasos sanguíneos dunha maneira recorrente. É de orixe descoñecida, aínda que se cre que aparece en persoas de xenética predispostas. O seu índice de prevalencia enmárcase en torno aos 5 ou 6 afectados por 100.000 habitantes.

Os que a padecen precisan de múltiples e custosos tratamentos a base de corticoides, inmunosupresores, pomadas, cremas, etc. A alternativa dos tratamentos biolóxicos é difícil de conquerir debido ao seu elevado coste, aínda que a súa eficacia é alta. A non existente de regulación homologada a este respecto provoca desigualdades en distintos lugares. Recorrer á sanidade privada, que podería solventar o problema, non é unha saída posible para moitos dos enfermos e non semella unha posibilidade que deba abrir o sistema público. Os copagos e compra de medicamentos ou tratamentos non financiados publicamente supoñen un gasto mínimo mensual de 150 euros por enfermo, que en moitas ocasións alcanza os 300 euros.

O descoñecemento da enfermidade, as dificultades para o diagnóstico e tratamento e a incerteza produce estados de ansiedade e malestar que conlevan agravamento da saúde dos pacientes. Isto únese aos complexos tratamentos e a necesidade de acudir a diferentes especialistas.

A diagnose e detección da enfermidade é difícil por ser, precisamente, unha enfermidade rara e por tanto complexa na detección para os e as profesionais, que se atopan especialmente saturados no seu traballo pola ausencia de contratación e substitución de persoal e as

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 19117
Data envio: 19/10/2017 16:21:13.076

acumulacións que iso provoca nos profesionais activos. É necesaria unha maior formación e información, para facilitar o traballo dos/as profesionais de atención primaria na súa capacidade de detección de síntomas relacionados coa enfermidade de Behçet.

No que corresponde ao tratamento desta enfermidade non existe ningunha unidade de referencia multidisciplinar en Galicia que permita afrontar esta realidade con profesionais axeitados e coñecedores destas situacións e do seu tratamento, formados en técnicas e coidados avanzados e que poidan especializarse nas melloras e avances.

Respecto das súas consecuencias, esta enfermidade ten un forte carácter incapacitante nos casos que se van agravando. Non entanto esta incapacitación non está ben recoñecida en termos laborais, o que supón un problema de desigualdade no acceso ao traballo e o seu desenvolvemento.

A proposta do Grupo Socialista, o 17 de maio de 2017 aprobouse por unanimidade no Senado de España unha moción que instaba a diversas melloras na diagnose e tratamento desta enfermidade.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación das persoas afectadas pola enfermidade de Behçet no noso país?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia avanzar nalgunhas das cuestións que demandan os afectados pola enfermidade de Behçet?
3. Ten a Consellería de Sanidade algún protocolo de actuación sobre a detección, diagnose e tratamento da enfermidade de Behçet?

Pazo do Parlamento, 19 de outubro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 19117
Data envio: 19/10/2017 16:21:13.076

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/10/2017 16:19:30

Noela Blanco Rodríguez na data 19/10/2017 16:19:36

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:52
Nº Rexistro: 19152
Data envio: 19/10/2017 16:52:48.795

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Raúl Fernández Fernández e **María Luisa Pierres López**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Neste último fin de semana os incendios teñen asolado o noso país. Hoxe todos somos máis conscientes de que a loita contra o lume ten que se converter nunha loita de país e nas nosas retinas, entre outras, quedaron imaxes dos danos que se teñen orixinado aos animais, tanto silvestres como de granxa e domésticos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto o Goberno galego activar protocolos de recuperación de especies de fauna silvestre afectadas polos lumes do anterior fin de semana?
2. Vai habilitar o Goberno galego áreas *ad hoc* específicas de coidado e atención de animais silvestres, de granxa ou domésticos que estean feridos, desorientados ou perdidos?
3. Ten previsto o Goberno galego asistir aos concellos afectados e poñer ao seu dispor axudas e grupos de traballo?

Pazo do Parlamento, 19 de outubro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
José Manuel Pérez Seco
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:52
Nº Rexistro: 19152
Data envio: 19/10/2017 16:52:48.795

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/10/2017 16:45:52

José Antonio Quiroga Díaz na data 19/10/2017 16:45:58

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/10/2017 16:46:05

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/10/2017 16:50:10

Raúl Fernández Fernández na data 19/10/2017 16:50:13

María Luisa Pierres López na data 19/10/2017 16:50:18

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:54
Nº Rexistro: 19158
Data envio: 19/10/2017 16:54:11.716

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A loita contra o lume ten que se converter nunha loita de país. A pasividade do Goberno galego, a súa falla de prevención e a ausencia de aplicación da alta tecnoloxía á detección de lumes lévannos ano a ano a resultados como estes.

Os incendios destes últimos días en zonas protexidas teñen provocado grandes danos ambientais. Só nos Ancares (Reserva Natural da Biosfera), as primeiras estimacións son de case 4000 hectáreas queimadas, máis de 2000 na zona de Noceda, moi preto do castelo de Doiras, e máis de 1000 en Donís, nas inmediacións das pallozas de Piornedo. Lamentablemente, o lume levou xa o 7 % do total da reserva.

Os danos ecolóxicos son moi graves, polo que é necesario comezar con urxencia os labores de rexeneración ambiental para impedir a desertización das zonas queimadas. Son previsibles escorrentías, graves procesos erosivos, desaparición dos solos por arrastres nas áreas de maior pendente e contaminación de acuíferos e ríos ata chegar ás rías. E, como resultado, un empobrecemento do chan.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales foron os danos ambientais provocados polos incendios destes últimos días nas zonas protexidas de Galicia?
2. En que zonas se teñen producido?
3. Cantas miles de hectáreas foron queimadas?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:54
Nº Rexistro: 19158
Data envio: 19/10/2017 16:54:11.716

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

4. Vai deseñar o Goberno galego un plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais?
5. Se a resposta anterior é positiva, vai dotar o Goberno dunha memoria económica a este Plan?
6. Ten previsto o Goberno restaurar as dotacións de servizos básicos que se viron afectadas polos incendios nesas zonas?

Pazo do Parlamento, 19 de outubro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
José Manuel Pérez Seco
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/10/2017 16:33:27

José Antonio Quiroga Díaz na data 19/10/2017 16:33:33

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/10/2017 16:33:39

Raúl Fernández Fernández na data 19/10/2017 16:33:44

María Luisa Pierres López na data 19/10/2017 16:33:50

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:55
Nº Rexistro: 19163
Data envio: 19/10/2017 16:55:05.076

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No ano 2015, a OMS falaba da apremiante necesidade de reducir as emisións de carbono negro, ozono e metano, contaminantes climáticos que están a provocar un aumento da temperatura do planeta e ata mortes prematuras anuais relacionadas coa contaminación do aire. En xuño de 2015, a Comisión Europea iniciaba un procedemento formal de infracción por incumprimento polo Estado español da Directiva 2008/50/CE, sobre a calidade do aire ambiente e unha atmosfera máis limpa en Europa. Xa neste ano 2017 (en concreto, en febreiro), chegaba un aviso definitivo para elaborar un plan de medidas destinadas a reducir as emisións ao aire e cumprir a Directiva mencionada nun prazo máximo de 2 meses.

A Rede Galega de Calidade do Aire conta con estacións de medición e unidades móbiles ao longo de todo o territorio galego e cunha unidade central de procesado de datos que logo se ofrecen a través da web e do SIAM (Sistema de Información Ambiental). Hai estacións urbanas, titularidade da Xunta de Galicia e estacións industriais titularidade das empresas.

Cos incendios destes últimos días, despois dunha prolongada seca e o alto número de incendios forestais non temos datos sobre a calidade do aire nin sobre as posibles disfuncións na calidade do aire provocadas polos incendios forestais.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:55
Nº Rexistro: 19163
Data envio: 19/10/2017 16:55:05.076

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que medidas especiais adoptou o Goberno galego diante da seca e dos incendios forestais para controlar de xeito máis efectivo a calidade do aire?
2. Empregou as unidades móbiles?
3. Si a resposta anterior fose positiva, a que puntos foron desprazadas estas e que resultado da calidade do aire obtiveron?
4. Que recomendacións se fixeron ao conxunto da poboación e aos concellos máis afectados polos incendios forestais e a calidade do aire derivada deles?

Pazo do Parlamento, 19 de outubro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
José Manuel Pérez Seco
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/10/2017 16:34:30

José Antonio Quiroga Díaz na data 19/10/2017 16:34:36

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/10/2017 16:34:42

Raúl Fernández Fernández na data 19/10/2017 16:34:49

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:55
Nº Rexistro: 19163
Data envio: 19/10/2017 16:55:05.076

Grupo Parlamentario

María Luisa Pierres López na data 19/10/2017 16:34:54

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:28
Nº Rexistro: 19172
Data envio: 19/10/2017 17:28:03.531

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa aos gastos en publicidade durante a vaga de lumes de outubro de 2017 por parte do goberno galego.

Entre os días 15 e 16 de outubro, aínda que algúns se iniciaran con anterioridade, Galiza sufriu unha extrema vaga de lumes, a máis importante e grave da última década polo seu alcance e consecuencias dramáticas. O día 17 de outubro, aínda non se tiña superado a crise e tampouco se tiñan declarado extinguidos a totalidade de lumes ao longo do país, especialmente nas zonas de Lugo Sur e Ourense, onde a chuvia tardou máis en aparecer. Ese mesmo día, a partir das 16:00 compareceu a conselleira de Medio Rural, Dona Ánxeles Vázquez, no Pleno do Parlamento Galego para informar da situación. Ese mesmo día, as e os galegos que puideron consultar a prensa escrita puideron ver unha páxina publicitaria da Xunta de Galiza onde desenvolvía unha serie de contidos coincidentes cos que o señor Presidente da Xunta de Galiza declarara aos medios de comunicación o 16 de outubro e que colgou tamén na páxina web da Xunta de Galiza.

Baixo o título "Declaración institucional da Xunta de Galicia" recollíase en varios medios de comunicación de prensa escrita de edición galega e tamén estatal unha páxina completa desenvolvendo un relatorio dos feitos, un agradecemento ás persoas e colectivos que colaboraran na busca dunha saída, un recordatorio ás vítimas pero tamén

59863

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:28
Nº Rexistro: 19172
Data envio: 19/10/2017 17:28:03.531

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a súa particular e parcial interpretación das causas e desenvolvemento dos feitos aínda sen investigar.

En tales circunstancias é máis importante ca nunca ter en conta os contidos institucionais a difundir, os seus mecanismos e tamén o esforzo económico e difusor que se emprega, tendo en conta as necesidades informativas e as necesidades derivadas dunha traxedia de tanto alcance.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Cal é a contía total exacta destinada á difusión deste anuncio?

Este gasto derivarase das contías reservadas para tal fin ou suporá unha contía extra?

Cal é a relación de medios de comunicación de prensa escrita de tiraxe galega nas que se difundiu?

Cal é a relación de medios de comunicación de prensa escrita de tiraxe de fóra do territorio galego nos que se difundiu? En todas as comunidades autónomas? Con que criterio?

Cales foron os criterios para a selección de soportes? E para a selección dos medios de comunicación?

Cal é a motivación para excluír os medios de comunicación dixitais galegos?

Cal é a motivación para excluír semanarios en lingua galega?

59864

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:28
Nº Rexistro: 19172
Data envio: 19/10/2017 17:28:03.531

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que criterios se seguiron para emitir publicidade institucional con estes contidos en lugar de contidos referidos á información sobre a situación, consellos de actuación e vindeiras liñas de traballo?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2017 17:26:00

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2017 17:26:04

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2017 17:26:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2017 17:26:07

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:28
Nº Rexistro: 19172
Data envio: 19/10/2017 17:28:03.531

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2017 17:26:08

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2017 17:26:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:28
Nº Rexistro: 19176
Data envio: 19/10/2017 17:28:29.875

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e **Davide Rodríguez Estévez**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

A resposta do Goberno galego ante a avespa velutina está sendo totalmente insuficiente. Ante unha especie invasora que ten un comportamento moi depredador e voraz temos que pór en marcha moitos máis mecanismos de resposta, baseados nun plan de actuación único, ordenado, coordinado e dotado do orzamento correspondente.

O sector asociativo apícola non se está tendo en conta por parte da Xunta de Galicia, cando os seus coñecementos técnicos de campo poderían estar sendo de moita utilidade.

Por iso, de cara á seguinte campaña, é fundamental que se teña en conta todo o coñecemento que posúe o sector asociativo, a través das súas asociacións, para as medidas a levar a cabo.

A comisión de seguimento non está socializando o traballo que se está levando a cabo na mesma.

Por todo o exposto, presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1) Cantas xuntanzas mantivo dende a súa constitución, e en que datas, a Comisión de Seguimento?

2) Cando van convocar a próxima xuntanza da Comisión de Seguimento?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:28
Nº Rexistro: 19176
Data envio: 19/10/2017 17:28:29.875

3) Van contar co sector asociativo apícola para esta próxima xuntanza?

4) Que medidas vai pór en marcha o Goberno galego de cara á campaña deste ano?

5) Vai o Goberno pór en marcha a loita preventiva, isto é, vai facer unha nova entrega de trampas e atraentes de primavera? Vai contar cos concellos e cos colexios para esta labor?

6) A loita contra a avespa velutina contará cunha dotación orzamentaria específica dedicada á xestión da invasión desta especie?

7) A Xunta ten asinado un único convenio de investigación, ten pensado asinar algún outro convenio coas universidades galegas para impulsar a investigación sobre a velutina?

8) Plantexa a Xunta articular algún sistema de axudas que permita aos apicultores e apicultoras facer fronte ás perdas ocasionadas pola velutina?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:28
Nº Rexistro: 19176
Data envio: 19/10/2017 17:28:29.875

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Quinteiro Araújo na data 19/10/2017 17:26:48

David Rodríguez Estévez na data 19/10/2017 17:26:55

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:48
Nº Rexistro: 19189
Data envio: 19/10/2017 17:48:37.015

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as mudanzas previstas en materia de condicións laborais do alumnado de FP Dual.

O 5 de outubro de 2017 tivo lugar en Madrid o III Foro da Alianza para a FP Dual na que o director da CEOE para a Formación, Juan Carlos Tejeda, presentou un informe no que recollen até 60 propostas regulatorias para "estabelecer un marco xurídico común" a todo o Estado español para o desenvolvemento, din, desta modalidade formativa.

Entre as distintas medidas que inclúe o informe salientan aquelas referidas á modalidade contractual que rexe a relación entre o alumnado e as empresas para as que traballa. Neste senso, a patronal española propón facer extensíbel o contrato de formación e aprendizaxe alén dos 30 anos que actualmente se fixan como límite para "pasar a ser aplicábel a calquera alumno matriculado nun ciclo de modalidade dual, sen límite de idade".

Ademais, defenden desde a CEOE que estes contratos teñan un período de proba dun mes e que se o contrato se rescinde antes de finalizar o período de formación (cando se gradúe) non se exixa ningún tipo de indemnización.

59870

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:48
Nº Rexistro: 19189
Data envio: 19/10/2017 17:48:37.015

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, pretenden que o alumnado matriculado na FP Dual non contabilice como parte do cadro de persoal das empresas, que a xornada laboral non poida superar a fixada no convenio colectivo, sumando as horas de formación no centro e o traballo na empresa mentres que a retribución salarial fixaríase de acordo co SMI en proporción ás horas de traballo na empresa.

Ademais, reclaman bonificacións públicas no caso de que contraten unha persoa previamente contratado pola FP Dual e a posibilidade de contratar a quendas.

Segundo transcendeu nos medios de comunicación, o Ministerio de Educación español teríase comprometido coa patronal e tamén coas Comunidades Autónomas a negociar unha reforma na que se contemplen as demandas realizadas pola CEOE no marco desta Alianza.

Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que as demandas da patronal supoñen unha vulneración dos dereitos laborais e afondan na precarización que se estabeleceu coas sucesivas reformas aprobadas polo Goberno español e mesmo as agrava ao facer extensíbel os contratos de formación e aprendizaxe a calquera idade.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cónstalle ao Goberno galego que o Ministerio español está a negociar coa patronal unha modificación das condicións laborais que actualmente rexen a Formación Profesional Dual e os contratos de formación e aprendizaxe?

- Cal é a opinión da Xunta de Galiza a respecto destas modificacións? E en relación coas demandas defendidas pola patronal?

59871

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:48
Nº Rexistro: 19189
Data envio: 19/10/2017 17:48:37.015

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que posición política ten o Goberno galego e, no concreto, a Consellaría de Educación sobre estas demandas e unha posíbel reforma?

- Vai defender as súas competencias en materia de ensino o Goberno galego para impedir que se poidan recortar dereitos laborais ao conxunto das galegas e galegos e, máis especialmente, á mocidade?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2017 17:47:41

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2017 17:47:46

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 17:48
Nº Rexistro: 19189
Data envio: 19/10/2017 17:48:37.015

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2017 17:47:49

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2017 17:47:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2017 17:47:52

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2017 17:47:56

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 18:15
Nº Rexistro: 19199
Data envio: 19/10/2017 18:15:16.298

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa as medidas a tomar para evitar as consecuencias derivadas dos incendios forestais nas rías e nos bancos marisqueiros.

Nos días finais da primeira quincena do mes de outubro de 2017 Galiza sufriu o impacto da máis importante vaga de lumes da última década. As primeiras estimacións oficiais comunicadas pola Xunta de Galiza o pasado día 18 de outubro indicaban arredor de 35.500 hectáreas de superficie afectada ás que haberá que engadir as 12.600 ha que segundo os datos de Medio Rural tiñan ardido até esta nova traxedia. Sen dúbida, as consecuencias destes acontecementos veranse no noso país en múltiples aspectos, tamén en moitos ámbitos da nosa economía sobre os que cómpre estar vixiante e anticiparse.

A tremenda vaga de lumes que asolou o noso país arrasou con centos de hectáreas nas que quedan as cinzas da vexetación queimada sen ningunha protección que as suxeite. De non tomarse medidas todas esas cinzas e terras desprovistas de manto vexetal, poden acabar en algúns casos directamente no mar, e noutros nos nosos ríos, e logo como aluvión nos bancos marisqueiros das nosas rías con tráxicas consecuencias.

É polo tanto preciso tomar medidas para que as previsíbeis choivas do outono e inverno non produzan efectos irreparábeis nos ecosistemas mariños, razón pola cal formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

59874

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 18:15
Nº Rexistro: 19199
Data envio: 19/10/2017 18:15:16.298

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas ten tomado ou vai tomar a Consellaría de Pesca e Marisqueo para a fixación dos terreos onde se teñen producido incendios e evitar que cheguen ás rias galegas?

Que medidas ten previsto tomar no caso de que se produzan arrastres de materiais que poidan afectar ás rías e as zonas de produción marisqueira?

Cales van ser os espazos de actuación prioritaria para evitar que as afeccións marisqueiras?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2017 18:14:04

59875

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 18:15
Nº Rexistro: 19199
Data envio: 19/10/2017 18:15:16.298

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2017 18:14:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2017 18:14:10

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2017 18:14:11

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2017 18:14:12

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2017 18:14:14

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 18:26
Nº Rexistro: 19203
Data envio: 19/10/2017 18:26:51.830

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández**, **Noa Presas Bergantiños** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á intención de conservas Calvo de pechar as instalación situadas en Esteiro.

Representantes do Comité de empresa de Conservera de Esteiro S.A, puxéronse en contacto co Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego para trasladarnos a súa preocupación pola intención da empresa de pechar as instalación situadas en Esteiro e trasladar tanto a produción como @s traballadores/as á factoría que o Grupo ten en Carballo.

A súa preocupación ven dada polas terríbeis consecuencias que esta decisión de consumarse terán sobre o emprego da factoría e da comarca en xeral, porque o conxunto dos postos de traballo tanto directos como indirectos superan os trescentos.

Toda vez que este Grupo empresarial recibe cuantiosas axudas públicas formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Ten coñecemento o Goberno galego da pretensión da Conservera de Esteiro S.A de pechas as súas instalacións e trasladar a produción a Carballo?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 18:26
Nº Rexistro: 19203
Data envio: 19/10/2017 18:26:51.830

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que opinión lle merece esta decisión?

Ten feito ou vai realizar algunha actuación para impedir esta decisión?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2017 18:26:31

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2017 18:26:34

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2017 18:26:36

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2017 18:26:37

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 18:26
Nº Rexistro: 19203
Data envio: 19/10/2017 18:26:51.830

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2017 18:26:39

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2017 18:26:40

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727